

Memoria 2009-2010

CEIP Condessa de Fenosa



Código: 32015116
O Barco de Valdeorras
(Ourense)





Índice

Memoria Equipo Directivo	3
Memoria Ensino Infantil	6
Memoria Primeiro Ciclo	11
Memoria Segundo Ciclo	16
Memoria Terceiro Ciclo	20
Memoria Departamento de Orientación	23
Memoria Pedagogía Terapéutica	28
Memoria Audición e Linguaxe	32
Memoria Educación Física	35
Memoria Educación Musical	37
Memoria Lingua Inglesa e programa de anticipación	38
Memoria Educación Relixiosa	43
Memoria Equipo de Normalización	44
Memoria de Actividades Complementarias e Extra-escolares	45
Memoria do Comedor	50

Anexos

Memoria PLAMBE (Biblioteca Escolar)

Memoria Axenda 21

Listaxe de libros de texto



Equipo Directivo

Neste curso non tivemos obras no colexio como sucedeu nos anteriores, pero si que se realizaron xestións para continuar coas melloras das nosas instalacións. Así esperamos que ao longo do período de vacacións se acometan traballos que atinxen á cuberta do patio traseiro, á remodelación dos baños de Ensino Infantil e ao asfaltado da zona traseira da casaña.

Tamén continuamos cos traballos de adecuación dos novos espazos, a biblioteca e as aulas da zona ampliada do segundo andar. Con todo aínda non dispoñemos de internet por cable nesta zona e temos que servirnos dun emisor wifi que non dá o servizo que demandamos.

Por último levouse a cabo a insonorización da aula de música e a colocación dun chan illante que nos permite arestora unha utilización idónea do espazo.

A outro nivel continuamos ao longo do curso co proceso de programación LOE, tendo realizado as programacións do terceiro ciclo de primaria, así como as de ensino infantil, dado que xa se aprobou o currículo desta etapa educativa.

Tamén se ten traballado no plan das Tecnoloxías da Información e

Comunicación e na reforma do Proxecto Lector de Centro. Ambos os dous documentos están en fase de elaboración dun borrador que se pretende presentar ao claustro, para a súa discusión e modificación, no comezo do vindeiro ano académico. Consideramos moi importante a súa aprobación tras un período real de discusión e de recollida das achegas de todo o centro, xa que para o ano comezaremos co plan ABALAR para a implantación dun ensino con apoio informático no curso de 5º, desafío que queremos afrontar coas mellores expectativas de éxito.

Mención a parte merece o plano de formación do profesorado, xa que estiveron funcionando varios grupos de traballo adicados a afondar en áreas de experimentación educativa, como a elaboración de proxectos construtivistas en ensino infantil, o desenvolvemento da axenda 21 escolar de Galicia, a creación dun club de lectura de mestres, o aproveitamento didáctico da web do colexio ou a elaboración de material didáctico para alumnado con autismo.

Tamén un Proxecto de Formación en Centros, continuación doutros similares realizados en cursos pasados, permitiu ir pechando, con criterios unitarios, as programacións didácticas LOE das distintas materias, introducindo as competencias básicas e criterios de



A neve fixo acto de presenza impedindo o normal desenvolvemento das clases en dúas ocasións ao longo do curso



avaliación.

Como se sinalaba no plan xeral deste curso continuamos apostando polo medio ambiente e o fomento da lectura, tal e como se reflicten nas memorias do PLAMBE e da Axenda 21 escolar, que se anexan a esta memoria.


Con todo, queremos subliñar no apartado de medio ambiente que, a parte de continuar cos traballos realizados en cursos pasados, o comité ambiental do centro foi ampliando as súas dinámicas a máis aspectos da vida escolar, e participamos, como xa é habitual, no concurso medio ambiental de Voz Natura asemade.

Con respecto da promoción da lectura indicar que o Plan de Lectura Silenciosa Sostida consolídase como unha actividade moi ben valorada pola comunidade escolar. En canto á biblioteca sinalar que se solicitou a continuidade dentro do PLAMBE, e que, unha vez rematada a ampliación do curso pasado, pasamos este ano a dotar de contidos o seu espazo, creando unha zona de audiovisuais, unha de lectura informal. Para o ano tentaremos rematar esta xeira de ambientación da biblioteca de acordo co proxecto presentado polo equipo de apoio á Biblioteca.

A nivel das TICs, a máis da discusión e elaboración dunhas bases para o plan das TICs no centro, merece especial mención ter sido elixidos como centro experimental para a implantación do plan ABALAR, co que se pretende comezar a introdución da informática na vida diaria das aulas de 5º de primaria. Esta decisión obrigará a centrarmos as nosas actividades de formación de cara ao curso que vén na implantación das novas tecnoloxías. No mesmo eido das tecnoloxías seguimos traballando na actualización da nosa web, na que se ofrecen á comunidade educativa a consulta dos documentos do centro (plans, proxectos, equipamentos...), recursos educativos elaborados polo equipo de apoio á biblioteca, a actualidade do Blogue e informacións varias. Engadíronse este ano blogues como o de Ensino Infantil e a Aula de música e o blogue dos titores do terceiro ciclo, a máis dalgún blogue de clase, así como no apartado de recursos realizáronse actividades LIM sobre Uxío Novoneyra e titoriais para un uso efectivo da rede, que se poden consultar no apartado de proxectos da web da biblioteca. (<http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/proxectos.html>)

Usámola tamén, como xa se comentou anteriormente, para a lectura e a discusión dos borradores dos diversos traballos que imos realizando, evitando deste xeito a edición en papel dos documentos, seguindo a filosofía de aforro de recursos da Axenda 21.

Queremos manifestar a respecto da aplicación das novas tecnoloxías que este curso sufrimos unha avaría no switch do centro, que fixo que durante a metade do curso non dispuxésemos de conexión á internet. A pesares das repetidas chamadas á UAC, dos partes pasados e das xestións diante dos técnicos da consellería, arestora continuamos sen unha conexión funcional que dea servizo a todas as aulas. Esta avaría e a non substitución do aparato derramado fixeron que a programación da aula de informática tivese que ser abandonada (tratábanse de traballos de procura da información na rede: Webquests, wikis...) supoñendo así mesmo a perda dunha ferramenta moi valiosa en moitas das aulas do centro. Esperemos que de cara ao ano que vén estas demoras na asistencia técnica,



Blogue de terceiro ciclo de primaria



máis cando imos experimentar co proxecto ABALAR, non se volvan producir e poidamos obter unha solución rápida aos problemas de conexión.

Sinalar tamén, e xa van varios anos que nos vemos na necesidade de reflectilo na nosa memoria anual, que as esixencias horarias do colexio contrastan co acordo de redución de xornada pactada entre administración e sindicatos, xa que resultou imposible aplicar a redución dunha hora lectiva máis para acadar as catro pactadas do acordo. No noso caso esta redución levaría a non dispor de máis que 15 horas semanais para gardas de substitucións, isto é, que non acadásemos ter nin sequera un mestre de garda en cada unha das 25 horas semanais. Loxicamente nestas condicións e sen un aumento da nómina de empregados do centro (cumprirían dous traballadores máis para cubrir as 35 horas resultantes da redución da xornada) resulta completamente imposible acometer unha reforma dos horarios de traballo que cumpra cos requisitos do acordo sindical.

Na mesma liña de dotación de persoal, queremos subliñar a importancia que tería para o bo funcionamento dos sextos do próximo curso a posibilidade de desdobrar estas clases tan numerosas e nas que hai moitos casos de alumnado con neae.

Neste mesmo sentido queremos facer notar a necesidade de podermos contar co apoio de persoal administrativo, xa que a carga de traballo dun centro como este fai imposible compatibilizar as funcións docentes e administrativas, se non é cunha actitude persoal de xenerosidade horaria que en ningunha medida se contrarresta polas horas de adicación que o regulamento asigna aos cargos directivos. Esta necesidade faise máis evidente ante o agravio comparativo de dotación de persoal entre IES e Ceips.

Ensino infantil

Compoñentes do ciclo.

Purificación Yebra Fernández (titora 3 anos)
Andrea Tato Vega (titora 3 anos)
Marta Moreira Graña (titora 4 anos).
Rosa Pardo Capón (titora 4 anos)
Cristina Delgado Delgado (titora 5 anos, coordinadora)
Sonia González González (titora 5 anos)
Remedios González Eiroa (mestra de apoio)
Diana Domínguez García (mestra de apoio e psicomotricidade)

Outros profesores:

Miriam Álvarez Fernández (profesora de Inglés)
Francisco José García Suárez (profesor de música)
Natalia Longo González (Orientadora).
Maria Carmen Fernández Sueiras (profesora de A. L.)
Maria José Martín Cruz (profesora de PT)
María José Gómez Alvite (profesora de relixión)

Plan de adaptación.

Seguimos co plan de adaptación, para 3 anos, vixente dende hai anos, polos bos resultados constatados de cursos anteriores e mesmo do presente , e a boa acollida que ten por parte dos pais.

Como no curso anterior os nenos/as das aulas de 5 anos, que, para o ano, pasan a 1º. de Primaria tiveron un primeiro contacto coas profesoras do ciclo e as aulas nas que, previsiblemente, estarán o ano que ven.

Agrupamento do alumnado.

- 1 aula de 3 anos (21 nenos/as)
- 1 aula de 3 anos (20 nenos/as)
- 1 aula de 4 anos (18 nenos/as).
- 1 aula de 4 anos (18 nenos/as).
- 1 aula de 5 anos (17 nenos/as).
- 1 aula de 5 anos (18 nenos/as)..

Calendario das reunións realizadas e temas tratados.

As reunións realizáronse os mércores en horario de 13:30 a 14:30 do serán, e os principais temas abordados nelas foron os seguintes:

- Período de Adaptación do presente curso:. Elaboración das listas de entrada para os nenos/as de novo ingreso, programación das entrevistas individualizadas cos pais/nais e preparación da reunión de pais/nais de alumnado de novo ingreso

1. Necesidade da elaboración da programación do ciclo de acordo co novo decreto.
2. Listado das necesidades de material de uso común, e por aulas.
3. Organización da participación do ciclo nas actividades complementarias e extra-escolares que se relatan no apartado correspondente.
4. Deseño de actividades que impliquen a participación dos pais/nais.
5. Programación do Período de Adaptación do curso que vén

6. Necesidades cara o curso que vén.
7. Realización da memoria

Consecución dos obxectivos xerais de ciclo

A avaliación dos obxectivos en Ensino Infantil faise a través da observación sistemática (recurso básico) dunha serie de aspectos que nos permiten ter un control do alumnado nos distintos momentos. Para realizala é indispensable dispoñer de pautas apropiadas e planificar e prever a situación na que se van propoñer. Ademais tamén nos baseamos en:

- traballos individuais dos nenos/as;
- comportamento social;
- progresos que van facendo;
- adquisición de hábitos.

ao mesmo tempo tentouse avaliar a cada alumno/a tendo en conta o seu estilo de aprendizaxe: lento, reflexivo, impulsivo, ... Non se trata de modificar a programación proposta para o grupo, pero si de ter en conta o feito de que o alumno/a é diverso á hora de aprender e o punto de partida da cada un.

Unha vez ao trimestre mandóuselle aos pais un boletín que recollía a progresión das aprendizaxes do alumnado. Con certa periodicidade se informaba aos pais dos traballos que se ían facendo diariamente na aula sobre a unidade didáctica que se estaba traballando.

Por variados motivos houbo nenos/as que non acadaron os obxectivos suscitados facéndose con eles ao longo do curso un labor de apoio e reforzo na propia aula. De todos os xeitos a evolución foi positiva tendo en conta o punto de partida, aínda que non se acadou o mesmo nivel que con outros nenos/as.

Dificultades atopadas e necesidades cara o ano que ven

1. Dificultades

No presente curso atopáronse moitas dificultades en torno a autonomía dos nenos e nenas que cada vez son máis dependentes e chegan ao colexio con menos capacidades autónomas que en anos anteriores. Por esta razón no ciclo acórdase a necesidade de elaborar un conxunto de pautas e consellos dirixidos aos pais e nais de 3 anos referidos a hábitos, autonomía, alimentación, etc.

Atopamos que hai falta de recursos para atender a aqueles alumnos/as que presentan necesidades especiais, especialmente abunda a falta de madurez lingüística.

A configuración de horarios é difícil tendo en conta que hai especialistas que imparten materias en primaria e ás veces coinciden materias en horas nas que o rendemento dos nenos é máis baixo ou, incluso nos resulta difícil atopar un tempo no que poder realizar actividades conxuntas de ciclo sen que iso implique perder horas dalgunha das especialidades.



Alumnado de 3 anos levando "algo na cabeza" según as ordes do Meco

2. Necesidades

Unha das principais necesidades do centro é a renovación do patio de infantil onde se atopamos unhas casiñas de madeira en moi mal estado, un patio de terra que resulta impracticable durante case todo o inverno, un areeiro con area vella e sucia. Como medidas adoptadas enviouse un proxecto ao concello no que se aportaban fotografías do mal estado do patio, pero aínda non se tomaron as medidas apropiadas para solventar este problema. De cara ao vindeiro curso seguiremos insistindo e pedindo unha urxente reparación do mal estado do mesmo.

Por outra banda levamos varios anos consecutivos pedindo unha reforma nos baños de infantil, xa que están inundados moi a miúdo debido ao mal asentamento dos wc. Continuamos insistindo en que dita reforma é imprescindible para que os nenos e nenas desenvolvan a súa autonomía e evitar chamar os pais e nais para que veñan a cambialos porque cando van ao baño se mollan con tanta auga como hai no chan. Nas aulas de infantil que teñen cortizo no chan atopamos que está deteriorado e moi vello, precisa unha man de verniz que o protexa, xa que é probable que se continúe así un par de cursos máis non imos ter cortizo que vernizar.

Por outra banda atopamos mobles que están moi estragados polo paso do tempo e que practicamente son un perigo para os rapaces, xa que algúns parece que están a punto de se desmontar.

Este curso comezouse a traballar dunha forma máis seria os proxectos de traballo e notamos que con esta metodoloxía se fai imprescindible un ordenador na aula con conexión a internet, e ao mesmo tempo que poidan estar conectados en rede para poder imprimir sen desprazarnos, coa impresora que xa contamos en infantil. Por iso de cara ao ano que vén solicitamos un total de 4 ordenadores para suplir estas necesidades. Ademais precisase tamén unha actualización dos 2 que xa temos para obter un maior rendemento dos mesmos.

Tamén nos gustaría, sempre e cando o horario nos permita axustarnos, dispoñer dunha tarde sen especialidades en infantil para empregar en actividades conxuntas de todo o ciclo e/ou por nivel (obradoiros de cociña, visionado de documentais, exposicións varias ...), preferiblemente na tarde do venres.

Continuamos coas reunións co 1º ciclo da educación primaria, pero este ano debido á elaboración da programación segundo ao novo DCB, consideramos a prioridade de sentar unhas bases primeiro en infantil, acordando así unha única reunión das titoras de 5 anos coas titoras que van impartir 1º o ano que vén.

Aproveitamento dos medios e recursos didácticos.

Como todos os anos a importancia que lle damos á manipulación e á experimentación cos materiais por parte do propio neno/a, un tempo de preparación e programación está adicado a distribución e catalogación por idades e necesidades deste material.

En todas as aulas de infantil hai conexión a Internet, aínda que non todas dispoñen de ordenadores, algo do que se puido sacar moito



Actividade sobre interculturalidade nunha aula de infantil

proveito e do que esperamos continuar sacando maior rendemento unha vez que dispoñamos de PCs en todas as aulas, xa que este ano tiñamos que empregar portátiles, que non sempre se conectaban ou que os precisaba outras persoas, polo que non sempre estaban a nosa disposición.

Así mesmo parécenos moi importante a elaboración e transformación de material a partir do material de refugallo. Por iso é un dos recursos didácticos que utilizamos e que nos axuda a conectar o contorno e a escola.

O material, aínda que pertence a unha aula determinada, compártese entre todas en función das necesidades e da súa idoneidade para a idade dos nenos/as.

Por outra banda no corredor de infantil dispoñemos duns armarios de material común para todo o ciclo e que en innumerables ocasións compartimos co resto do centro.

Outros materiais utilizados son as cassettes, Cds, a fotocopiadora, o vídeo, prensa, ordenadores,...Algún destes materiais son utilizados de forma compartida polo centro.

Para a Psicomotricidade os nenos/as usan material específico que se atopa recollido na Aula de Psicomotricidade habilitada a tal efecto.

Destacaremos aquí o afianzamento do uso da biblioteca polos nenos/as de 5 anos que de xeito autónomo acudían para levar en préstamo os contos que logo lían na casa.

Os martes na hora de titoría artellase un conta-contos o que poden acudir os nenos/as de 3, 4 e 5 anos acompañados polos seus pais/nais para escoitalo e poder coller libros. Durante esta hora os nenos de 3 e 4 acompañados dun adulto tamén podían facer préstamos para a casa

Actividades conxuntas realizadas dentro do ciclo

Cine no salón de actos sobre temas concretos e relacionados cos proxectos que traballabamos na aula.

Elaboración de diversas exposicións referidas a temas concretos: exposición de produtos do outono, entroido, debuxos e elaboracións de murais..

Traballos relacionados cos proxectos, cos acontecementos e festividades (festa do Samaín con piñata, para o magosto fixemos unha cestiña, actividades para a convivencia de infantil...)



Comparsa de infantil no Entroido

Actividades complementarias realizadas.

Durante este curso participouse en todas as actividades extra-escolares que se fixeron conxuntamente como así consta na Memoria de Actividades Extra-escolares.

A parte delas fixéronse outras actividades complementarias como son:

Participación no Samaín (só infantil) Magosto, festival de Nadal, Entroido, día da Paz, elaboración de actividades para a celebración das Letras Galegas.

Saídas:

- Visita a “Fauna Alada de Galicia” celebrada no Centro Comarcal.
- Visita ao supermercado (3 e 4 anos)
- Visita á clínica veterinaria (3 anos)
- Visita ao Parque de Bombeiros da Rúa (4 anos)
- Visita á COPE por parte dos alumnos de 5 anos.
- Participación nun conta-contos da Editorial SM
- Participación de 4 das 6 unidades (3 e 5 anos) no programa de educación viaria.
- Teatro: Levado a cabo polo curso de 3º de primaria.
- Participación nas actividades das Letras Galegas: tendal exposto no malecón, baile dos alumnos de 4º de primaria e canción “En galego”.
- Participación das seis unidades de Ensino Infantil na XIV Convivencia de Educación Infantil realizada o día 27 de maio en O Barco
- Graduación dos nenos/as de 5 anos
- Festa fin de curso no ciclo organizada pola ANPA.

A maior parte destas actividades resultaron moi bonitas e enriquecedoras para os nenos/as. Esperamos, dun modo ou outro, darlle continuidade no próximo curso.

Valoración do programa de anticipación da primeira lingua estranxeira

Durante o curso escolar 2009/10 impartíronse clases de inglés en Ensino Infantil de 3, 4 e 5 anos, a razón de dúas sesións de 30 minutos de duración.

Para acadar os obxectivos previstos, levouse a cabo unha metodoloxía motivadora e lúdica, partindo sempre dos intereses do alumnado.

A consecución dos obxectivos foi positiva, así como o interese que o alumnado amosou ao longo do curso.

Primeiro ciclo de primaria

Compoñentes do ciclo.

Titora 1º A: Rosa Varela Gómez.

Titora 1º B: Aurea Ochoa Ochoa.

Titora 2º A: María del Carmen García Fernández .

Titora 2º B: María Encarnación Moldes Cobelas.

Titora 2º C: Ana Mª López Rielo. (Coordinadora)

Relixión: Nicolás Martínez Asenjo.

Música: Xoaquín Freixeiro Alvarez.

Lingua estranxeira inglés: Manuel F. Gómez Vidal e Miriam Álvarez Fernández.

Educación Física: Pilar Santas Rodríguez.

Departamento de Orientación: Natalia Longo González.

Programa Lingua e Cultura Portuguesa: Joaquín Ferreira de Oliveira.

Reunións e temas tratados

As reunións tiveron lugar os mércores de cada semana,(non sendo cando tiñamos reunión xeral) en horario de 13:30 a 14:30 na aula de 2ºC.

Os temas tratados e acordados nas mesmas foron:

1. -Elaboración e aprobación dos obxectivos xerais para o curso 2009-2010 que constan na PXA.
2. -Elaboración de mapas conceptuais das distintas unidades.
3. -Horarios para baixar ás distintas actividades de biblioteca. Traballo de lectura na biblioteca e na aula. Lectura silenciosa: Formas de levala a cabo.
4. -Horarios para acudir a aula de informática.
5. -Determinación dos obxectivos mínimos do ciclo.
6. -Achegas, discusións e suxestións en relación ao plan de Convivencia do Centro.
7. -Reunión ao inicio do curso cos pais/nais, tratándose os seguintes temas:
 - Hixiene xeral dos nenos/as, normas básicas de alimentación e descanso.
 - Posta o día dos datos telefónicos.
 - Esixencia de puntualidade e asistencia ao centro, e a obriga de comunicar e xustificar as faltas ao titor/a.
 - Traballo persoal do alumno/a na casa, co seu carácter voluntario e non obrigado.
 - Suxestión de controlar os horarios de televisión,e a recomendación de que lles lean e fagan ler contos axeitados a súa idade, así como a ocupación do tempo de lecer con xogos apropiados e educativos.
 - Información do funcionamento dos apoios organizados dende o departamento de Orientación.
8. -Participación nas actividades complementarias e extra-escolares.
9. -Coordinación cos mestres titores e o resto dos profesores que imparten clases no ciclo.
10. -Conveniencia de recordar as normas de comportamento e disciplina. Insistencia na importancia de combater a agresividade.
11. -Posta en común cara as avaliacións e os criterios das mesmas.

Actividades dentro do centro

Os compoñentes do Ciclo participaron este ano nas seguintes actividades:

- Equipo de Biblioteca.
- Proxecto de formación.
- Axenda 21.
- Equipo de Normalización Lingüística.

Fixéronse todas aquelas actividades que o equipo considerou oportunas para acadar os obxectivos establecidos:

1. -Elaboración de carteis, murais, mapas conceptuais.. en relación as unidades didácticas estudadas.
2. -Utilización do ordenador polos nenos/as con actividades complementarias a os temas estudados nas aulas, os cales relacionamos de forma directa cos distintos centros de interese.
3. -Participación nos Clubs de lectura.
4. -Actividades de formación de usuarios co bibliotecario.
5. -Organización e participación en todas as conmemoracións do centro:(Festival de Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Contacontos, Recitado de poemas, teatro, semana da Natureza...)
6. -Participación en actividades de fomento e estímulo da lectura; vaille co conto ao profe, Contacontos, teatro, Clubs de lectura, Lectura Silenciosa. Actividades da biblioteca, de centro e aulas, quentacontos...
7. -Participación no Proxecto Axenda 21 que inclúe:
 - Vixiancia das Patrullas Verdes.
 - Incentivar o aforro no consumo de papel.
 - Participar na recollida selectiva do lixo.
 - Facer prácticas de clasificación selectiva do lixo nos colectores do patio.
 - Participar na limpeza de patio os luns.
 - Participar nas actividades do horto aromático e ecolóxico.
 - Participar na elaboración do Belén reciclado para o Nadal
 - Colaborar no proxecto de facer reciclado de papel.
 - Participar no obradoiro: "O tren mensaxeiro".
8. -Participación en diferentes concursos e actividades: (Olimpíada do Saber, Pegadas de libros ,tarxetas de Nadal, velas flotantes, álbumes de fotos, bolsos de material reciclado, marca-páxinas contos, biblioteca , saúde bucodental, conta-contos, poemas e todos os organizados polo ENDL do centro, Semana da natureza, recitado de poemas, ilustracións dos poemas e caricatura de Uxío Novoneyra na semana das letras galegas...).
9. -Colaboración voluntaria con ONG para axuda en diferentes programas: Haití, roupa,



Exposición de Calacús polo Samaín

10. -Participación na elaboración da Revista escolar.
11. -Visitas ao blogue do colexio.
12. -Dende o grupo seguimos a valorar como moi positiva a actividade da lectura silenciosa.

Actividades fóra do colexio en horario lectivo

- Excursión a Ponferrada: Teatro, Castelo e parque.
- Saída a Centro Comarcal de Valdeorras para visitar a exposición “Fauna alada de Galicia”.
- Saída a Aula da Cultura de Caixa Nova para ver a exposición: “O lobo”
- Saídas biblioteca municipal , envasadora de castañas .
- Saídas a casa da cultura a representacións teatrais diversas: teatro, monicreques.
- Saída ao Malecón para a exposición: “Estendendo a Uxío Novoneyra” , baile rexional e cantar xuntos unha canción.

Aproveitamento dos medios e recursos

-Como método para introducir as TIC no traballo da aula, asistimos cos nenos/as a aula de informática,destacando o uso da mesma como recurso didáctico: programas Clic, internet, procesadores de texto (openoffice, writer).. E preciso sinalar o problema que conleva a falta de apoios para este tipo de actividades, xa que se necesitarían dous profesores como mínimo para acudir con estes nenos/as tan pequenos. A falta destes apoios mingua considerablemente o traballo a realizar. Seguimos contamos a máis cun ordenador en cada unha das aulas que pode ser utilizado por profesores e alumnos.

Unha das dificultades atopadas este ano no uso da aula de informática e o mal funcionamento da conexión a internet.

Tamén contamos con programas e páxinas feitas no colexio que neste curso víronse incrementadas coa elaboración de javaclics por parte do grupo de traballo da biblioteca.(O corpo humano, actividades varias en Jclic, visitas ao blogue do colexio..)

-Utilización de recursos audiovisuais (televisión, vídeo, DVD,CD,radio)

-Uso por parte dos nenos/as do servizo de biblioteca (préstamo, contacontos, vaille co conto ao profe..)

-Participación nos diferentes concursos (Olimpiada do saber,concursos do ENDL..)

-Intercambio de libros entre os diferentes compoñentes do ciclo.



Alumnas do 1º ciclo cunha buxaina decorada polo San Martiño

Nivel de consecución dos obxectivos

A maioría dos nenos/as do Ciclo foron adquirindo os obxectivos de maneira satisfactoria, seguimos pensando que é necesario mellorar no referente as normas de convivencia e comportamento en corredores, comedor, patio, aulas. Sería conveniente seguir coa aplicación do carné por puntos como un dos medios postos en marcha para reeducar condutas.

Parécenos moi importante ter reunións para acordar pautas, facer traballo de seguimento e así mesmo de avaliación para ver o nivel adquirido ao rematar o ciclo.

O obxectivo de ciclo relacionado coa lectura parécenos moi importante, pero moi difícil de levar a cabo con éxito, dado que en grupos numerosos coma estes é case imposible facer lectura en grupo e comprensión lectora de forma axeitada. Sería preciso separar os nenos/as en grupos máis pequenos para que a actividade fose máis produtiva, o que implicaría máis profesores de apoio. E polo contrario estes diminúen en lugar de aumentar.

Foi moi positivo para o alumnado desdobrar 2º xa que houbo unha melloría considerable na evolución dos nen@s.

Outro punto que valoramos é o dereito de repetir os nen@s no 1º ciclo debido a que da mellor resultado a longo prazo.

Avaliación dos apoios e educación especial

A atención aos nenos/as con n.e.e realizouse nas aulas de PT e AL, asistindo as aulas específicas no horario marcado pola Orientadora do centro.

Os apoios individualizados que se viñan realizando dentro da aula por profesores/as non especialistas viuse diminuído polo feito de a entrada en vigor da LOE que trouxo horas libres pero non máis profesores para poder levalos adiante.

Consideramos coma moi convenientes máis apoios xa que a escaseza de horarios dá lugar ao desvío dos nenos/as a outros medios de atención fóra da escola.

Dende o ciclo seguimos a insistir nos problemas que trae de seu a falta de espazo nas aulas e o número excesivo de alumnos/as, o que fai moi difícil a atención individualizada.

Lamentamos a falta de apoios na aula e desexaríamos unha mellora en relación a este tipo de problemas.



Valoración do programa de lingua e cultura portuguesa

Valorase de forma axeitada e moi positiva en canto permite o alumnado portugués ou con ascendentes portugueses e tamén galegos a posibilidade ,dunha parte, de manter a súa lingua e cultura tan achegadas a lingua e cultura galegas e doutra achegarse o coñecemento dunha lingua e cultura diferente para os que non as coñecen tan de cerca.

Estes últimos cursos, vense detectando unha diminución no número de alumnos que escollen esta lingua.

Sería conveniente mellorar a coordinación entre as titorías das distintas aulas e a de portugués.

Estatísticas avaliación final de ciclo:



Segundo ciclo primaria

Compoñentes do ciclo

Os mestres que compoñen o equipo de 2º ciclo son os seguintes:

Titoras 3ºA: Mª Consuelo Ares Rodríguez (titora) e Alicia Nóvoa Rodríguez (substituta).

Titor 3ºB: David Vázquez Álvarez.

Titora 4ºA: Elisa Puente Murias.

Titora 4º B: Mª Consuelo González Rodríguez

Inglés: Mirian Álvarez Fernández (3º A e B) e Manuel Francisco Gómez Vidal (4º A e B).

Educación Física: Modesto Rodríguez Centrón.

Lingua e Cultura Portuguesa: Joaquim.

Calendarios de reunións e temas tratados

As reunións do 2º ciclo realizáronse os mércores en horario de 13:30 a 14:30. Nelas tratáronse unha infinidade de temas relacionados cos problemas de todo tipo que xurdiron ao longo do curso, as actividades a desenvolver, programacións, e aporte de novas ideas e reflexións para o funcionamento do centro. Os temas tratados foron os seguintes:

- Establecemento, modificación e discusión de programacións.
- Establecemento dos obxectivos de ciclo e organización dos apoios de recuperación coa colaboración do Equipo de Orientación.
- Organización e proposta de excursións, saídas e actividades culturais e educativas.
- Organización e preparación de festividades escolares: Magosto, Nadal, o día da Paz, o Entroido, as Letras Galegas, a semana da prensa, fin de curso...
- Participación en concursos diversos.
- Preparación e participación na Caza do Tesouro.
- Adscrición dos membros do equipo de ciclo os distintos grupos de traballo para así participar e estar informados de toda actividade que se leva a cabo no centro.
- Participación na elaboración do Plan TIC.

Actividades dentro da aula ou centro

O 2º Ciclo, ben na súa totalidade ou en parte participaron nalgúns concursos e actividades

que se considerou que traballaban aspectos curriculares ou transversais da nosa programación:

- Concurso da O.N.C:E
- “Polo San Martiño, peóns ao camiño” na que se recolleron peóns, buxainas ou peóns decorados e se fomentou o uso deste xogo popular
- Concurso de deseño da mascota da Biblioteca e proposta de nomes para esta.
- A Olimpíada do Saber.
- Stands interculturais para o Día da Paz.
- Recollidas selectivas de plástico e material orgánico no patio do centro.
- Concurso de adiviñas sobre películas ou contos.
- Obradoiros da Axenda 21.

- Actuación de Guti o neno malabarista.
- Charla de Suso Cubeiro, o ilustrador.
- Elaboración e exposición de microresumos dos libros que nos deixaron pegada para o Día do Libro.
- Realización do “Mercadiño dos libros usados” para festexar o Día do Libro.
- Actividades de Educación Vial organizadas pola Policía Local (4º).
- Colaboracións para a revista das Letras Galegas.
- Participación en actividades de Biblioteca: Vaille co conto ao mestre, cineclub e en clubs de escritura e lectura.

Actividades fóra do centro

- Visitas ao contorno: en 3º foron á radio e á Oficina de Correos. En 4º foron á Cooperativa vinícola e asistiron á actividade de “Xogos Cooperativos”.
- A excursión de fin de curso foi ao Parque Natural de Marcelle, preto de Lugo, visitando tamén a Muralla de Lugo e arredores.
- Representación dunha obra teatral por parte dos alumnos de 3º na Casa da Cultura, incluída nas actividades adicadas ás Letras Galegas.
- Exposición da fauna alada de Galicia, no Centro Comarcal (4º).
- Realización e exposición no Malecón de caricaturas, poemas, etc sobre Uxío Novoneyra polas Letras Galegas.

Aproveitamento de medios e recursos

Os alumnos aproveitaron ao longo do curso os medios e recursos dos que se dispón no centro. Entre outros, destaca o uso da biblioteca para servizo de préstamos, e como sala de xogos ou de realización de deberes. aos que non lles faltan puntos do carné tamén tiveron acceso ao uso dos ordenadores da Biblioteca por períodos de 15 minutos.

Así mesmo, nos recreos o uso do pavillón foi frecuente para realizar todo tipo de deportes ou cando chovía para gorecerse.

Tamén se utilizou a aula de informática, e o salón de actos para a proxección de películas, ensaios de obras, charlas, etc.

En resumo, o nivel de utilización de medios e recursos considérase satisfactorio.

Nivel de consecución dos obxectivos

Neste senso, consideramos non estar satisfeitos cos obxectivos acadados, non só academicamente senón tamén a nivel comportamental. Os alumnos cada vez teñen peor comportamento e a pesar do carné por puntos os conflitos son frecuentes. Ademais, nótase unha total falta de autonomía por parte dos alumnos, que teñen que preguntar a cada pouco o que hai que facer. Para o curso vindeiro propónse traballar mais o razoamento lóxico a través de actividades ou xogos, e mellorar esa inseguridade que teñen. Tamén se pretende traballar a importancia do esforzo. Para facer isto propónse a re-ubicación de contidos, resumo, eliminación ou redución, xa que se percibe unha excesiva cantidade de contidos a traballar nos libros de texto pero unha falta total de capacidades que se cren moi necesarias para formar aos alumnos como persoas.

Tamén se pretende traballar en conseguir unha maior orde nas filas e mais silencio.

Por outra banda utilizouse bastante o carné por puntos, pero poucos alumnos faltaron a actividades como consecuencia da perda de puntos aínda que o mereceran. Valórase que hai que ser máis estritos na súa aplicación.

Lectura silenciosa

A lectura silenciosa valorouse positivamente xa que permitiu aos alumnos acceder a grande cantidade de libros e cultivar o gusto pola lectura. De todos xeitos a parte negativa é que algúns alumnos tardan moito en sentarse a ler, e outros non len, tan só pasan follas.

Dificultades atopadas

Aínda que non se trata dunha maioría, nalgún caso atopamos unha falta de interese, atención e motivación total por parte dos alumnos á hora de realizar tarefas, estudar ou prestar atención en clase e ter un comportamento correcto. Tamén nalgún destes casos que se deu, a colaboración da familia foi escasa.

Avaliación dos apoios

Os apoios realizados foron de dous tipos:

- Apoios feitos polos especialistas de PT e AL con resultados positivos ,
- Apoios de integración ao alumnado emigrante, levados a cabo por especialistas de P.T.

Os apoios valóranse moi positivamente, xa que durante ao curso se puido atender correctamente aos nenos que o necesitaron, conseguindo na maioría dos casos unha mellora e incluso se lle deu a algún alumno de alta.

Avaliación do programa de lingua e cultura portuguesa

O programa de lingua e cultura portuguesa valórase positivamente, en canto que lles permite aos alumnos coñecer mellor esta lingua próxima a nós e adquirir maior vocabulario. Como inconveniente, destácase a escasa coordinación entre esta materia e a de Coñecemento do Medio (que é a hora na que saen os alumnos á clase de Lingua e Cultura Portuguesa). Pensamos que os mestres de ambas materias deberían poñerse de acordo de tratar de impartir contidos similares.



Actividades de reforzo cara o verán

Recoméndase aos alumnos utilizar un libro ou caderniño de vacacións durante o verán para evitar esquecer o aprendido e comezar o próximo curso cunha boa base.

Medidas correctoras de cara ao curso que vén

Para o curso que vén preténdese traballar non tanto nos contidos preseleccionados nos libros de texto senón tamén no que se comenta no apartado de "OBXECTIVOS", é dicir, traballar no esforzo, comportamento, autonomía, orde... e todos os aspectos intercurriculares que axuden a formar aos alumnos.

Estadísticas avaliación final de ciclo:



Terceiro ciclo de primaria

Compoñentes do ciclo

Titora 6ºA: Concepción Moldes Carriba

Titor 6ºB: Arias Prada, Luísa

Titor 5ºA: García Suárez, Francisco José

Titor 5ºB: Mª del Camino Pereiro González (coordinadora)

Manuel Francisco Gómez Vidal

Francisco Pérez Lemos

Calendario de reunións e temas tratados

As reunións do terceiro ciclo realizáronse os mércores de cada semana en horario de 13:30 h. a 14:30 h. e nelas tratáronse, entre outros, os seguintes temas:

- Elección de Coordinador.
- Elaboración e aprobación dos obxectivos xerais a conseguir neste curso.
- Preparación da reunión cós pais/nais de alumnos/as ao comezo do 1º trimestre.
- Saídas e actividades culturais.
- Participación nas actividades das Letras Galegas.
- Participación en actividades solidarias.
- Información e participación en diversos concursos.
- Avaliación e criterios de promoción.

Actividades dentro da aula

- Dentro de cada aula desenvolvéronse actividades dirixidas a prepara as distintas festas e días significativos: Nadal, Entroido, Samaín...
- Participación en diferentes concursos: ONCE, concursos organizados no centro...
- Participación na elaboración da revista escolar cun cómic da biografía do autor e outros traballos: adiviñas, chistes, pasatempos...
- Elaboración de coplas e de representacións musicais para o festival de Nadal.
- Colaboración na elaboración do Proxecto Abalar.
- Creación dun blog do 3º ciclo.

Actividades fóra da aula

- Asistencia a charlas sobre diversos temas: natureza, educación para a saúde, educación viaria, ilustracións literarias,...
- Participación na Olimpíada do saber.
- Monólogos e representacións musicais no Festival de Nadal, participación na exposición sobre interculturalidade.
- Visita a exposición sobre micoloxía realizada no IES Lauro Olmo.
- Saída o mosteiro de Xagoaza para un mellor coñecemento do contorno.
- Participación na xornada de convivencia da Axenda 21 co relatorio "O alumnado protagonista".
- Patrullas Verdes.

- Visita ao Teatro Lauro Olmo para diversas representacións teatrais.
- Excursión a Ourense para realizar un obradoiro de educación viaria e para experimentar as sensacións do cine en 3D.
- Visita ao IES Lauro Olmo do alumnado de 6º curso para coñecer o instituto.
- Participación na convivencia “Xoga con nosco” do alumnado de 6º curso.

Aproveitamento dos medios e recursos

Salienta o aproveitamento feito polos alumnos/as de todas as actividades relacionadas coa nosa nova Biblioteca, a aula de Informática e Bibliotecas de aula e Clubs de Lectura.

Nivel de consecución dos obxectivos



Os obxectivos programados ao comezo do curso tiveron unha formulación tan ampla e ambiciosa que foi moi difícil levalos a cabo na súa totalidade. Tentouse facer empeño na consecución dos obxectivos referentes a respecto, moral, persoal e de resolución de conflitos por medio do diálogo.

Actividades de reforzo cara o verán

Neste apartado todos os anos aconsellase aos alumnos/as a necesidade de poñer atención nos hábitos lectores, o reforzo e repaso das tarefas do curso durante o verán...etc.

Salientar un ano máis a escaseza na implicación dos pais/nais no seguimento académico dos seus fillos/as pois segue habendo certa despreocupación a este respecto.

Estatísticas avaliación final de ciclo:



Departamento orientación

Durante este curso o Departamento de Orientación segue a ter unha estrutura cambiante, posto que a meirande parte do profesorado de apoio está a cubrir a súa praza de xeito provisional.

A xefatura do mesmo segue cuberta, de xeito definitivo, así como a praza de AL e outras dúas de PT, aínda que os propietarios definitivos de Pedagogía Terapéutica estiveron durante este curso en Comisión de Servizos.

Salientar a creación dunha Aula de autismo cuberta mediante unha Comisión de Servizos co fin de proporcionar unha estabilidade aos alumnos que se escolarizan na mesma. Valoramos moi positivamente este feito que posibilita un equilibrio moi necesario para estes alumnos.

En canto a conseguir unha estrutura estable do Departamento que coordine, planifique e apoie a acción titorial e orientadora, temos que dicir que parece factible cara ao curso que vén, posto que se cubriron de xeito definitivo as dúas prazas de Pedagogía Terapéutica, manterase a Comisión de Servizos para cubrir a aula de alumnado con autismo e cubrirase por medio doutra Comisión de Servizos outra praza que garanta a estabilidade da outra aula específica de alumnado con déficit motórico.

Compoñentes do departamento

Miriam Álvarez Fernández	Coordinadora do 2º ciclo de Primaria
Marta Barroso Álvarez	Profesora de Audición e Linguaxe compartida co IES "Lauro Olmo"
Cristina Delgado Delgado	Coordinadora de Ensino Infantil
Mª Carmen Fernández Sueiras	Profesora de Audición e Linguaxe
Natalia Longo González	Xefa do Departamento de Orientación
Marta López Pájaro	Profesora de Pedagogía Terapéutica
Ana Mª López Rielo	Coordinadora de 1º ciclo de Primaria
Mª José Martín Cruz	Profesora de Pedagogía Terapéutica. Aula de autismo.
Camino Pereiro González	Coordinadora de 3º ciclo de Primaria
Ángeles Pestaña Barredo	Profesora de Pedagogía Terapéutica
Mª Luz Rodríguez Freire	Profesora de Pedagogía Terapéutica

As reunións da totalidade do Departamento de orientación do CEIP "Condese Fenosa" celebráronse fóra de horario lectivo, os luns de 13:30 a 14:30 horas. Xeralmente fixéronse coincidir coas DE CCPP.

Semanalmente o profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e a orientadora mantiveron unha reunión semanal de 13:30 a 14:30 horas.

Marco de actuación

Como ben queda reflectido no Plan de Orientación Educativa, a intervención do departamento realizouse nos seguintes ámbitos:

- **Alumnado:** A intervención do Departamento neste ámbito centrouse na detección e avaliación das NEAE (necesidades específicas de apoio educativo) do alumnado, no asesoramento e deseño de criterios organizativos e pedagóxicos para atención á diversidade, na integración inicial do alumnado de novo ingreso ou procedente da escola adscrita ao centro, na realización da avaliación psicopedagóxica cando os casos así o requirían, na atención a

demandas persoais de orientación e no asesoramento e orientación académica en momentos decisivos da historia escolar do alumnado.

- **Profesorado:** O Departamento colaborou con todo o profesorado nas demandas que se lle expuxeron, contribuíndo á prevención, observación, detección, recollida e rexistro de información e análise e valoración da mesma. Realizouse un labor de asesoramento, cando o profesorado así o solicitou, sobre as actuacións que os titores podían levar a cabo en canto a atención á diversidade, avaliación, material adecuado, situacións persoais especiais, etc. A través do Departamento tentouse dar un carácter estable á coordinación de titores e profesorado especialista co profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.

- **Familias:** O Departamento colaborou coas familias dándolle resposta ás súas demandas, na medida das posibilidades e sempre en coordinación cos titores/as. Noutras ocasións as entrevistas eran de carácter informativo, cando así se requiría para a avaliación psicopedagóxica. Realizouse tamén un labor de información e asesoramento ás familias do alumnado con NEAE e as familias de aquel alumnado que se atopaba en períodos de transición: remate da educación primaria, remate de ensino infantil, inicio da escolarización.

- **Outros organismos:** A actuación do Departamento con outros organismos ou institucións pretendeu dar unha solución a dificultades que non se podían afrontar unicamente desde o propio centro, así como coordinar a intervención profesional que incide na atención do noso alumnado desde distintos ámbitos. Fomentouse a relación cos servizos e institucións que prestan atención socio-educativa e sanitaria a parte do noso alumnado. En concreto traballouse especialmente en coordinación co Equipo de Orientación Específico Provincial de Ourense, co Servizo de Pediatría do Hospital Comarcal Valdeorras (HCV), co Servizo de Saúde Mental do HCV, co Servizo de Fisioterapia do HCV, coa Unidade de Saúde Mental Infantil de Ourense, co Servizo de Atención Temperá de Ourense, cos Servizos Sociais do Concello de O Barco e do Centro de Saúde, con Menores , coa fundación Arela e coa Asociación Meniños, así como cos especialistas privados que ofrecen axuda puntual a determinados alumnos/as do noso colexio.

Actividades levadas a cabo

As actividades máis salientables deste curso son as seguintes:

1. Recollida e actualización de datos sobre o alumnado con neae.
2. Cumprimentado das fichas individuais do alumnado con neae. do centro para o Equipo de Orientación Específico de Ourense.
3. Confección e posta ao día de ficheiros de seguimento.
4. Detección e avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado.
5. Valoracións, avaliacións psicopedagóxicas e programa de intervención para o alumnado con neae
6. Realizacións de programas de modificación de conduta con aquel alumnado que se estimou oportuno.
7. Programa de eficacia lectora co alumnado de 4º curso de Primaria.
8. Programa de adestramento en instrucións escritas (alumnado con TDAH).
9. Programa Tránsito Primaria.
10. Deseño, en colaboración co profesorado implicado, dos plans de actuación e do material para asegurar a debida atención á diversidade.
11. Coordinación de todo profesorado implicado con cada neno/a con atención

- específica para asegurar o seguimento do plan de actuación para cada alumno/a e levar a cabo as estratexias adecuadas para cada caso concreto.
12. Estruturación de apoios en colaboración co Equipo Directivo.
 13. Organización dos horarios das aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe en colaboración co Equipo Directivo.
 14. Avaliación das medidas de atención á diversidade
 15. Orientación e colaboración coas profesionais implicadas (ATE) no deseño e seguimento dos programas de autonomía persoal e integración social do alumnado susceptible de coidadora.
 16. Elaboración de modelos de impresos e protocolos.
 17. Recollida das distintas demandas de todos os sectores da comunidade educativa para a elaboración do plano de orientación.
 18. Redacción do Plano de Orientación.
 19. Avaliación do Plano de Orientación
 20. Reunións semanais do Departamento de Orientación: Calendario de reunións e temas a tratar.
 21. Reunións individuais cos pais dos nenos/as con NEAE.
 22. Participación nas reunións do profesorado para coordinar tarefas.
 23. Participación en reunións de coordinación co Equipo Directivo.
 24. Representación do Departamento de Orientación na Comisión de Coordinación Pedagóxica
 25. Celebración de reunións co profesorado de apoio.
 26. Participación nas sesións de avaliación do alumnado en infantil e primaria.
 27. Estudio dos resultados da avaliación do primeiro trimestre e medidas a adoptar.
 28. Estudio dos resultados da avaliación do segundo trimestre e toma de decisións.
 29. Estudio dos resultados da avaliación do terceiro trimestre e toma de decisións.
 30. Asesoramento na toma de decisións sobre a promoción do alumnado.
 31. Proposta e asesoramento para Adaptacións Curriculares Individualizadas.
 32. Asesoramento no cumprimentado da documentación académica do alumnado, en particular do que recibe atención específica.
 33. Coordinación co orientador do I.E.S. "Lauro Olmo" para a transición dos nosos alumnos/as a Secundaria e outros temas de interese.
 34. Asesoramento e coordinación co Equipo de Orientación Específica de Ourense.
 35. Coordinación da intervención do Departamento de Orientación cos distintos profesionais que inciden na atención do noso alumnado.
 36. Participación nas iniciativas de pais e nais nas que se solicitou presenza.
 37. Asesoramento e apoio para o deseño de determinadas actividades.
 38. Actividades encamiñadas á integración e cohesión do grupo, con atención prioritaria ao alumnado do novo ingreso.
 39. Orientación aos pais/nais do alumnado de novo ingreso de Infantil. Preparar a súa entrada ao centro.
 40. Orientación aos pais /nais do alumnado de 6º de Infantil sobre Primaria. Preparar a súa transición.
 41. Orientación ao alumnado de 6º de Primaria sobre ESO. Preparar a súa transición.
 42. Orientación aos pais /nais do alumnado de 6º de Primaria sobre Secundaria. Preparar a súa transición

43. Colaboración no seguimento da adaptación ao centro de secundaria.
44. Atención ás demandas persoais de orientación de determinados alumnos/as.
45. Colaboración co profesorado de apoio para realizar material específico, así como no desenvolvemento dos planos de traballo anuais.
46. Organización de espazos e instalacións para a orientación.
47. Recollida de material bibliográfico para uso do profesorado.
48. Elaboración da Memoria de Orientación.

Avaliación. Nivel de consecución dos obxectivos

A valoración xeral da consecución dos obxectivos marcados no Plano de Orientación pódese considerar positiva. A grandes resgos cumpríronse a maior parte das accións prioritarias expostas a principio de curso.

Este feito débese en gran parte ao alto nivel de implicación de todos os membros do claustro, en especial do profesorado de apoio, así como do equipo directivo.

En canto ao Plan de Orientación considerámolo como unha guía que marca as metas que pretendemos alcanzar. Ademais decántase como unha ferramenta moi útil para o labor de avaliación dos obxectivos do Departamento e para marcar as liñas nas que deberemos incidir máis cara o curso que vén.

Durante este curso iniciáronse dous programas orientados á prevención e desenvolvemento integral do alumnado (atención e eficacia lectora). Sería necesario darlle continuidade cara ao curso que ven e iniciar outros posibles programas: habilidades sociais e técnicas de estudo poderían ser algúns exemplos.

Quedou pendente promover actividades informativas e orientativas que impliquen ás familias e á comunidade educativa na consecución dos obxectivos educativos. Cara o curso que vén tentaremos poñer en marcha cos pais de infantil este tipo de charlas para traballar temas que nos parezan de interese: normas, autonomía...

Tamén debemos continuar elaborando propostas de promoción de condutas tolerantes e mellora da convivencia e introducilas no Plan de Convivencia.

Quedan pendentes:

A revisión do Regulamento de Réxime Interno.

Establecer horarios fixos de coordinación interciclos e de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista, profesorado de apoio e a orientadora. Aínda que existe coordinación entre todo o profesorado que incide na educación dun alumno/a, sería desexable darlle certa sistematicidade.

Dotar desta periodicidade, sobre todo ao inicio de curso, ás reunións entre a orientadora e profesorado titor que ten alumnado de apoio sería moi recomendable.

Aspectos a destacar

A profesora de apoio de Audición e Linguaxe compartida co IES "Lauro Olmo" está adscrita a este centro, polo que, este curso, pertence ao Departamento de Orientación do centro. Mencionar que este cambio incrementou o seu horario no centro, así como facilitou que a profesora puidera asistir ás reunións dun xeito regular e sistemático.

Esperamos que para o vindeiro curso se manteña esta praza nas mesmas condicións, ou, incluso, se aumente a tempo total, posto que existen moitos alumnos/as que necesitan de reeducación logopédica que, doutro modo, sería imposible atender.

Ademais durante este curso observouse un notable incremento de problemas na linguaxe no 2º ciclo de Ensino Infantil que foron atendidos polo profesorado titor das aulas en colaboración co DO ou ben polas especialistas de AL.

No presente curso recortouse o profesorado de apoio con respecto ao curso anterior: unha das profesoras de apoio de Pedagogía Terapéutica compartida co IES "Lauro Olmo" deixou de impartir docencia no centro.

Incidir en que este colexio atende numerosas demandas tanto do alumnado que ten escolarizado como de alumnos/as procedentes ou adscritos a outros centros que se matriculan neste por ser un centro preferente para a escolarización de alumnado con neae, que conta con dúas aulas específicas.

O noso colexio ten un número bastante elevado de alumnos/as e clases moi numerosas, polo que as demandas de intervención se disparan. Ademais o feito de que os centros específicos queden lonxe fai que a aula específica do colexio convértase nun substituto daqueles na nosa bisbarra.

Cara ao curso que vén, haberá cinco alumnos/as en modalidade de aula específica que necesitan apoio as vintecinco horas. Este feito "hipoteca" a dous profesores/as de apoio, polo que segue sendo imprescindible contar, como mínimo, co mesmo persoal que este curso.

Por outra banda contamos con dúas auxiliares técnicas educativas que colaboran no seguimento dos programas de autonomía persoal e integración social do alumnado susceptible de coidadora, así como no coidado e atención destes alumnos. Debido a que se incrementou notablemente o número de alumnos/as que necesitan dos seus servizos, solicitamos unha terceira praza cara ao curso que vén para que estas necesidades podan seguir sendo cubertas dun xeito satisfactorio.

Esperamos que estes feitos sigan tomándose en consideración á hora da dotación de recursos humanos para o vindeiro curso.

Pedagogía terapéutica

Alumnos con N.E.A.E.

Durante este curso atendéronse nas aulas de Pedagogía Terapéutica un total de setenta alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, dous deles teñen A.C.S., dezaseis están pendentes de rematar e o resto dos alumnos reciben reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria.

Necesidades atendidas durante o curso :

- Retraso mental non filiado. Retraso psicomotriz.
- TDAH. Dificultades de aprendizaxe.
- Microcefalia con retraso psicomotor grave e diábetes insulino dependente.
- Discapacidade motora. Parálise cerebral espástica.
- Retraso mental. Síndrome de Down.
- Inmadurez xeneralizada. Déficit cognitivo.
- Trastorno xeneralizado do desenvolvemento non especificado.
- Retraso madurativo. Dificultades de aprendizaxe.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Déficit de atención.
- Alumnado estranxeiro.
- Situación social – familiar desfavorecida.
- Alumnos estranxeiros. Dificultades de aprendizaxe.
- Discapacidade motora con hemiparesia motora. Retraso madurativo.

Organización do profesorado.

Neste ano académico contouse no centro con catro mestras de P.T. e dúas mestras de Audición e Linguaxe, unha compartida co IES Lauro Olmo., coas que compartimos aulas e alumnos, coordinándonos para un adecuado desenvolvemento do proceso educativo. As profesoras especialistas de Pedagogía Terapéutica son as seguintes:

- x López Pájaro, Marta (P.T.)
- x Martín Cruz, M^a José (P.T.)
- x Pestaña Barredo, M^a Ángeles (P.T.)
- x Rodríguez Freire, M^a Luz (P.T.)

Todas as mestras de P.T., compartimos a atención ao alumnado con NEE., na “Casiña”. Os apoios realízanse tanto dentro como fóra da aula ordinaria, segundo as necesidades dos alumnos e facendo unha rotación polas diferentes aulas de apoio.

Organización dos alumnos

A maioría dos alumnos están integrados nas súas aulas ordinarias, acudindo algunhas horas a sesións de P.T., dentro da “Casiña” (aulas azul, vermella, amarela e verde) ou nas aulas novas do terceiro andar (aula rosa, aula laranxa compartida co mestre de portugués e aula verde claro de usos múltiples).

Só catro dos alumnos permanecen a maioría do horario na “Casiña” estando integrados na aula ordinaria nas áreas de Educación Física e Música, acompañados normalmente das coidadoras.

Dous destes están escolarizados na aula de autismo, creada a tal efecto neste curso escolar e atendida por unha mestra en comisión de servizos.

Os horarios sufriron moitas modificacións ao longo dos tres trimestres debido á necesidade de atender a tantos alumnos con N.E.A. E. Así mesmo durante todo o

curso revisáronse e estiveron abertos a posibles cambios para dar cabida aos seguintes casos:

- x Incorporación de alumnado con dificultades.
- x Incorporación de alumnado estranxeiro.
- x Aumento ou diminución de horas segundo a consecución de obxectivos.
- x Altas de alumnos que no primeiro ou segundo trimestre acadaron os obxectivos propostos.

Modelo de intervención.

Elaborouse para cada alumno un Plan de traballo anual e mantivemos unha reunión semanal as mestras de P.T. xunto coas mestras de A.L. e a Orientadora co fin de organizar o traballo dos alumnos e revisar os avances e dificultades dos mesmos. Tamén contamos coa colaboración dos/as mestres/as titoras e dos/as mestres/as de apoio para poder favorecer a integración dos alumnos e poder levar a cabo un traballo máis organizado.

As **funcións** das mestras de P.T. foron as seguintes:

- Elaboración de actividades para os alumnos na aula específica.
- Elaboración de materiais específicos para o alumnado con N.E.E.
- Elaboración e adaptación de material de apoio para a aula ordinaria.
- Organización dos espazos e do mobiliario das aulas.
- Elaboración de apoios visuais para as aulas e distintos espazos do centro: corredores, pavillón, comedor...
- Coordinación cos/as mestres/as tutores/as e a orientadora.
- Apoio aos/ás mestres/as tutores/as na aula ordinaria e nas saídas.
- Coordinación e colaboración coas familias na elaboración de materiais específicos para complementar o traballo realizado na aula.
- Coordinar e participar en grupos de traballo relacionado co alumnado con N.E.E.
- Participar nas reunións de avaliación.
- Participación nas actividades realizadas polo centro: Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Festa fin de curso, saídas culturais, ...

Obxectivos.

Os obxectivos prioritarios con estes alumnos estiveron encamiñados a favorecer: a interacción social, a comunicación, a representación simbólica, o desenvolvemento motor, as habilidades de identidade e autonomía persoal, o coñecemento do entorno, a lectoescritura, o cálculo, a estimulación das capacidades que potencien o desenvolvemento do déficit de atención e retrasos madurativos e a adquisición de hábitos de autonomía e rutinas diarias adaptadas a cada deficiencia.

Aínda que determinar o grado de consecución dos obxectivos nestes alumnos é moi difícil, debido a que algúns conséguense, outros están en proceso de consecución e outros tivéronse que reformular. Podemos dicir que en liñas xerais houbo unha evolución moi positiva.

Metodoloxía.

Utilizamos unha metodoloxía activa e participativa implicando a todos os alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe. Partimos dos seguintes principios metodolóxicos que deberán rexer toda intervención educativa: partir do nivel de desenvolvemento do alumno e do entorno máis inmediato (modelo ecolóxico de aprendizaxe),

aprendizaxe significativa, participación activa no propio proceso de aprendizaxe, aprendizaxe mediado, traballo a partir de rutinas...

Foi necesario, tamén, motivar axeitadamente aos alumnos cara a aprendizaxe:

- Partindo dos seus intereses e ampliándoos.
- Suscitando actividades que lles supoñan un reto.
- Reforzando “o proceso e o esforzo” e non os resultados.
- Empregando apoios visuais (pictogramas) para facilitar e incrementar a intencionalidade comunicativa dos nenos con NEE.

Actividades.

Atendendo ás diversas necesidades coas que nos atopamos no centro, levamos a cabo unha ensinanza individualizada cunha serie de actividades en diversos tipos de agrupamentos (individual, pequeno grupo e gran grupo).

As actividades responden directamente aos obxectivos formulados no plan de traballo, destacar sobre todo o establecemento de rutinas diarias e normas de conduta ben definidas.

Algunhas **actividades individuais**:

- Actividades con material impreso: caderniños, fichas, ...
- Actividades con material visual: pictogramas, paneis, taboleiros, calendarios...
- Actividades con material manipulativo: puzzles, bloques lóxicos, ábacos, encaixables, ensartables, ...
- Actividades con software informático: Clic, Aprendilandia, Pipo, Pocoyó, Caillou, Cativadas, Adibú Trampolín, Winnie The Pooh, Comprensión Lectora (Aquari), ...
- Actividades plásticas (recortado, picado, amasado, pintura, ...).

Algunhas **actividades grupais** (realizadas en diferentes espazos):

- Celebracións: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, (encontro multicultural das nacionalidades existentes no centro), Entroido, Día do Libro, Letras Galegas e Festa de fin de curso, monicreques, obras de teatro, charlas (de Educación Vial), Conta contos...
- Saídas: (Ponferrada, Marcelle, Sagoza, e visitas realizadas dentro da contorna (panadería, supermercado, concello, radio...))

Avaliación.

A avaliación proporciónanos información para axustar a intervención educativa. Por iso non podemos cinguirnos só aos alumnos, senón tamén á nosa práctica como docentes.

Respecto **aos alumnos**, levamos a cabo unha avaliación inicial, continua e formativa mediante:

- A observación directa do traballo diario dos alumnos, observando o seu traballo individual e en grupo, en diferentes tarefas e situacións.
- Análise das producións dos alumnos.
- Observación sistemática.
- Rexistros de conducta, anecdotarios, ..
- Axendas de ida e volta.
- Sesións de avaliación trimestrais.
- Informes trimestrais as familias.

- Entrevistas cos titores/as e resto de profesionais participantes.
- Entrevistas cos/as pais/nais ou titores legais.

En canto **ao noso traballo** como mestres/as démoslle prioridade a:

- O nivel de interacción cos alumnos.
- A adecuación dos materiais empregados.
- A pertinencia das actividades propostas.
- O nivel de interacción e coordinación entre os profesores e apoios.
- O nivel de interacción coas familias.
- O interese do profesorado pola participación en cursos de formación e a repercusión do traballo no aprendizaxe dos alumnos.

Debemos avaliar positivamente, así mesmo, o traballo feito pola orientadora, xa que nos serviu de punto de partida para desenvolver o noso labor como mestras, prestándonos a axuda pertinente en todo momento.

Propostas de mellora

Cara o curso que ven, consideramos necesario:

- x O cambio dos ordenadores da “Casiña”, xa que neste momento non están en bo funcionamento.
- x Conexión de internet nas aulas do terceiro andar.
- x Ampliación da “Casiña” para mellorar os espazos existentes.
- x Material específico tal como bipedestador e material para psicomotricidade.



Audición e linguaxe

A mestra M^a Carmen Fernández Sueiras ocupou, de xeito definitivo, durante o curso 2009/2010 a praza de AL a tempo completo no centro, mentres a situación da mestra de audición e linguaxe Marta Barroso Álvarez que está como interina, cambiou este ano, xa que pertence ao noso centro e é compartida co IES “Lauro Olmo”, traballando aquí dúas horas e media os luns, catro horas o martes, catro horas e media os mércores e unha hora o xoves. En xuño houbo que modificar o seu horario porque coincidían horas co instituto entón quitouse unha sesión o martes e púxose o xoves.

Durante o curso as funcións das especialistas centráronse na realización das seguintes actividades:

- atención ao alumnado.
- coordinación co profesorado e reunións con pais e nais.
- melloras na aula de AL.
- elaboración de material específico para os distintos alumnos/as cos que se intervén.
- realización das ACIs de aqueles alumnos/as que tras facerlles unha avaliación considerouse oportuno a súa elaboración.
- adquisición de material.

A continuación farase un breve resumo das actividades enumeradas.

Atención ao alumnado.

Nas aulas de AL atendéronse corenta e cinco alumnos/as dos cales presentaban:

- sete dislalias (dous dos cales déronse de alta)
- doce rotacismos (dous dos cales déronse de alta).
- tres disfemias (dous dos cales déronse de baixa)
- dous disfonías
- nove problemas de lecto-escritura.
- cinco retardos na área da linguaxe.
- sete con NEAE derivadas de distintos trastornos.

De todos eles vinte e dous asistiron exclusivamente a esta aula de AL, dezanove necesitaron atención tanto de PT como da AL e catro son de aula específica. Todo o alumnado que necesitou reeducación logopédica intentouse que puideran ser atendidos. Neste último trimestre conseguíuse dispoñibilidade horaria para unha sesión logopédica de trinta minutos con catro alumnos/as de cinco anos que presentaban rotacismo. Sen embargo, na aula de catro anos aínda hai nenos/as sen atender con esta mesma dificultade. nos demais casos de alumnado que están sendo atendidos, nalgúns casos, non reciben todas as sesións que serían convenientes por falta de dispoñibilidade horaria. Este ano, ao igual que na metade do outro curso, non se puido levar a cabo o programa de estimulación da linguaxe oral de carácter preventivo (na etapa de EI) por falta de espazo no horario, dada a gran demanda de necesidades que foron aparecendo e o elevado número de nenos/as que se atenden. pero no caso dos nenos/as de catro anos entregóuselle a titora actividades para traballar na aula e favorecer así a correcta articulación do fonema /r/ que é onde se atopan a maioría das dificultades articulatorias de este alumnado.



Obxectivos xerais

Como marco de referencia para o traballo na aula marcáronse unha serie de obxectivos xerais que se adaptaron no traballo específico con cada alumno/a. Os obxectivos foron os seguintes:

- facilitar ao alumnado a recuperación das dificultades que presenten na linguaxe oral e escrita.
- favorecer as posibilidades expresivas da linguaxe mediante a participación activa do alumnado en xogos e conversacións.
- completar outros aspectos da aprendizaxe escolar para que sirvan de reforzo á hora de empregar a linguaxe, tanto oral como escrita.
- espertar no alumnado a conciencia do importante que resulta falar e escribir ben para relacionarnos cos máis.
- potenciar a lectura como recurso para acceder a outras áreas de coñecemento.
- intentar que o alumnado asuma as súas dificultades na área de lingua sen traumas, como forma de motivación na realización de aquelas actividades que lles leven á recuperación.
- manter contactos periódicos con titores, outros especialistas e pais/nais para xeneralizar logros ou constatar dificultades.
- insistir na actividade permanente do alumnado de forma que esta lles permita reflexionar en cada momento sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Intervención logopédica

As sesións tiveron unha duración entre 20, 30,40, 45 e 55 minutos debido tanto ás características do traballo con cada neno/a como a motivos de horario. para cada alumno/a estableceuse un plan de traballo a principios de curso que serviu tanto para dirixir o traballo das especialistas como para facilitar a coordinación entre PTs e PTs e AL.

Os obxectivos xerais da aula xunto co plan de traballo para cada alumno/a guiaron tanto a planificación das sesións como a metodoloxía das mesmas, predominantemente lúdica e na que o uso de programas informáticos, material de audio e gráfico tiveron moita importancia.

en xeral pode dicirse que todo o alumnado que acudiu a aula de al ou ben acadou os obxectivos previstos ou ben avanzou no seu nivel de consecución dos mesmos.

Coordinación co profesorado e reunións con pais e nais

durante o curso a máis das reunións do departamento de orientación obrigatorias houbo reunións informais e formais ca orientadora, co resto das PTs, e as ALs para facilitar a coordinación do traballo entre todas. o feito de ter todas as aulas de AL e PT na casiña facilita a coordinación informal en calquera momento.

Tamén se realizaron reunións cos titores do alumnado para favorecer a coordinación do traballo e ter diferentes visións dos progresos ou retrocesos dos mesmos. nalgunha ocasión algún titor requiriu orientación para resolver algún problema e déronse as indicacións oportunas, a máis de proporcionarlle material.

Nos informes trimestrais facilitáronse orientacións ás familias para favorecer os progresos dos seus fillos/as. Tampouco houbo problema en manter contactos persoais cas mesmas para falar da evolución dos/as fillos/as.



Melloras na aula de AL e adquisición de material

A mestra compartida co IES "Lauro Olmo" está practicamente a totalidade das horas que permanece no centro nunha aula habilitada tanto para AL como para PT, na que neste ano incorporouse un ordenador portátil.

Adquiriuse o seguinte material para o desenvolvemento da linguaxe:

- ortodil. o xogo da ortografía.
- fono-identific.
- secuencias. catro pasos.
- secuencias de causa-efecto.
- secuencias da produción de alimentos.
- puzzle sonoro dos transportes.
- xogando cos sons. programa para a prevención e intervención das dificultades articulatorias. (libro, fichas e cd).
- fotoloto-sonoro fonolóxico nivel 1.
- alabrai loto fonético multilingüe.
- formación de frases. nardil.

Observacións finais

Non todos os alumnos/as da aula empezaron na mesma a principio de curso, nin se puideron satisfacer todas as necesidades que foron xurdindo ao longo do curso por falta de dispoñibilidade no horario. isto sumado ao feito de que calquera cambio no horario das PTs ou no das titorías podía afectar ao horario de AL, fixo que os cambios no horario de AL foran bastantes.

Este ano ademais continuou co proxecto de formación no que estivemos como integrantes as dúas AL do centro e no que fixemos material informático para traballar a comprensión, morfo-sintaxe, vocabulario, discriminación auditiva e as praxias buco-fonatorias.

De cara ao próximo curso é preciso ter en conta:

Debido á matriculación para o ano que vén dunha nena con parálise cerebral que se suma aos outros alumnos/as de aula específica e o elevado número de alumnos/as con diversos problemas na linguaxe, sería moi positivo a permanencia doutra **segunda AL a tempo completo** no centro para dar cabida a todas as necesidades .

Precísase ir renovando o material, por exemplo, faltan contos con pictogramas e material informático educativo. .

Sería interesante que na aula de AL compartida con PT que se atopa no último piso do colexio tivera a posibilidade de ter internet.



Educación Física

A Educación Física no noso centro estivo impartida durante este curso polos mestres: M^a Pilar Santás (no 1º Ciclo de Primaria) e Modesto Rodríguez (no 2º e 3º Ciclo de Primaria).

Consecución de obxectivos.

En canto aos obxectivos da área, destacamos como aspectos importantes, a consolidación de certos hábitos e actitudes:

1. Hixiene corporal. Todos os nenos do 1º Ciclo aséanse ao remate da actividade física e os do 2º e 3º Ciclo dúchanse e mudan de roupa.
2. O xogo e o deporte como elemento lúdico. Educar a competitividade.
3. A aprendizaxe de novos xogos como alternativas para o tempo de lecer e como axuda para un desenvolvemento motriz máis completo.
4. A importancia da preparación do corpo para o exercicio físico (quentamento e estiramientos) de cara a evitar posibles lesións.
5. E os estiramientos e a relaxación (a volta á calma) para recuperar o estado de repouso e evitar a aparición de maniotas ou outras lesións de maior gravidade.

Tanto o segundo como o terceiro obxectivo estamos a traballalos, ademais de nas clases de Educación Física, a través de xogos alternativos no pavillón á hora do recreo. O mellor lugar para formar a deportistas habituais é a escola, baixo a tutela do profesorado que eduque e faga ao nen@ racionalizar o xogo e situar nun segundo plano o resultado; para potenciar aspectos como a diversión, o esforzo, o xogo en equipo, o xogo limpo, ...

Educación Física e Saúde

Continuamos neste curso, en Primaria, levando un control do peso dos nosos alumnos para apreciar a súa progresión e detectar os casos de sobrepeso e obesidade. Así como tamén os de Baixo Peso. Como en anos anteriores pesámoslos e medímoslos ao inicio e final de curso e calculamos o **IMC** (Índice de **M**asa **C**orporal) que nos proporciona un maior coñecemento do estado dos nosos alumnos. Non debemos esquecer que a Obesidade é unha enfermidade, e como tal debe ser tratada.

Por outro lado, seguimos a darlle importancia á hixiene postural nos múltiples actos diarios en que fan uso das súas costas (ao coller pesos, ao sentarse, ao durmir ...). Así como cremos que debemos ser máis estritos no control do peso das mochilas (diversas organizacións recomentan non superar un 10% do peso do neno). Están hipotecando o corpo para o futuro e tanto os pais coma os mestres podemos axudarlles a sensibilizarse e responsabilizarse en maior medida do seu corpo en período de crecemento.

Melloras e necesidades da Área de E.F.

Seguimos botando en falta que se puidera establecer alomenos unha reunión co profesor de E.F. do IES. Lauro Olmo que vaia impartir clase aos nosos alumnos de 6º o vindeiro ano para intercambiar información. Así como para establecer unha coordinación relativa aos contidos impartidos na área, tanto no 3º Ciclo de Primaria coma no 1º Ciclo da E.S.O. Por outro lado, segue pendente o pintado de xogos populares infantís no patio cuberto. Así como a redistribución, máis racional, dos diferentes espazos de xogo no patio.



Incidencias e aspectos a mellorar

Un novo curso temos que expoñer a queixa ao noso concello pola lentitude con que se realizan as reparacións das avarías que no pavillón se producen. Sirva como exemplo que lles levou un ano arranxar unha ducha que se estragara o curso pasado. Solicitamos do noso concello unha maior celeridade no arranxo de danos así como unha maior sensibilidade cos nosos problemas. Non debemos esquecer que os grandes prexudicados sempre son os nenos.

Un ano máis, seguimos requirindo a consideración do pavillón como Aula de Educación Física e, polo tanto, co mesmo servizo de limpeza que o resto do colexio. Co agravante de que estamos ante a instalación que máis se usa (incluso a nivel extra-escolar), a que máis se ensucia e na que máis andan os nenos polo chan.

Debido ás precarias condicións hixiénicas en que se desenvolven habitualmente as nosas clases (invitamos aos responsables do concello e aos representantes dos pais a que o comprobemos), condicionamos a cesión fóra do horario escolar desta instalación, a unha limpeza diaria coma o resto das aulas.

Por último, pedimos dende esta Área un pouco máis de vixilancia nas gardas de recreo que se fan no pavillón os días de chuvia; tanto por parte das coidadoras de comedor como dos mestres. Habitualmente quedan os baños excesivamente sucios e o pavillón estragado de papeis, restos de alimentos e chaquetas.

Actividades Extra-escolares e Complementarias de E.F.

- x *Xogos alternativos* no pavillón á hora do recreo (para os alumnos de 2º e 3º Ciclo de Primaria).
- x *Día do peón* (para todo o alumnado de Primaria).
- x *Baile galego* (expresión corporal), para o alumnado de 4º de Primaria.
- x *Convivencia Lúdico-Deportiva Xogaconnosco* (para os alumnos de 6º de Primaria).
- x *Xornadas de Xogos Populares* (para os alumnos de 5º de Primaria).
- x *Xornada de Xogos Cooperativos* (para os alumnos de 4º de Primaria).



Educación musical

Durante este curso escolar as clases de música foron impartidas por Xoaquín Freixeiro que asumiu as clases de primaria agás 6ªA, e Francisco José García Suárez que impartiu as súas clases en ensino infantil.

O máis salientable do curso foi a obra de illamento acústico da aula e a colocación dun chan illante, tanto acústico como térmico, que permite un uso axeitado da aula de música. A nivel de novas tecnoloxías, e a xeito de proba, iniciouse este ano o funcionamento do blogue da aula de música, (<http://musicondesa.blogaliza.org/>), concibido como taboleiro onde colgar as tarefas (as partituras, exemplos musicais...) e como lugar onde recoller as interpretacións das cantigas traballadas, unha vez rematado o período de aprendizaxe e orquestración das mesmas.

Temos que valorar positivamente este actividade xa que o alumnado devecía por saír nos vídeos coas novas cantigas e actuou como elemento motivador do traballo da aula. Tendo en conta estas consideracións pensamos continuar o seu funcionamento de cara ao curso que vén

No apartado de compras mercouse unha guitarra acústica. Para o vindeiro curso teremos que ir pensando na renovación dos instrumentos de parche, moi deteriorados polo uso, como é o caso das pandeiretas coas que contamos, así como volver mercar baquetas e reparar algúns dos instrumentos de placa que xa teñen 15 anos de uso e xa non tiñan unha calidade demasiado boa no momento da súa entrega como dotación musical ao centro.



Captura de pantalla do Blogue da Aula de Música



Memoria de lingua inglesa

O mestre Manuel Francisco Gómez Vidal, que impartiu clase no segundo C, cuarto A e cuarto B, quinto A e quinto B e nos dous sextos A e B, considera que se conseguiron a maioría dos obxectivos previstos na programación anual, polo que a valoración é positiva. No segundo curso, traballouse co libro de texto *SURPRISE 2 de Oxford University Press*, que resulta moi atractivo para os nenos/as debido á cantidade de actividades complementarias que presenta, ser un material atractivo de por si e ao contar con diversos materiais de apoio (páxina web, historias en DVD, actividades para o encerado dixital...).

Resaltar que aínda que os obxectivos foron acadados pola maior parte do alumnado, convén destacar o caso de dúas alumnas con necesidades educativas especiais que nunha das sesións tiñan que saír da aula para ir a clases de apoio, co que a consecución dos obxectivos de inglés non se logrou.

A metodoloxía utilizada foi lúdica, a través de xogos, historias e cancións e parte dos intereses dos nenos/as desta idade. Os nenos tiveron un papel activo e protagonista en todas as actividades propostas, tanto orais como escritas.

Nos cuartos traballouse co libro *SURPRISE 4 da editorial Oxford*. A valoración do libro de texto é positiva. Os nenos/as están moi habituados a este material o que facilita o seu manexo. Conta con abondosos materiais de apoio: pósters, *flashcards*, CD's, DVD's, contos, material de atención á diversidade, páxina web, materiais para pizarra dixital...

Nos cuartos tamén se deu o caso de varios nenos que tiñan que saír da aula de inglés para asistir a clases de apoio. Isto mingou un pouco a súa evolución e a súa continuidade.

En canto aos quintos, salienta en primeiro lugar que foi difícil traballar con eles ao ser cursos moi numerosos (27 no A e 26 no B), ademais de contar con varios nenos/as con necesidades educativas especiais para os que hai que elaborar materiais específicos.

En quinto utilizáronse os libros de *SURPRISE 5 de Oxford University Press*, moi axeitados para traballar ao seren rechamantes, estar ben estruturados e contar cunha morea de actividades e distintos materiais de apoio ao método.

A gran maioría do alumnado acadou os obxectivos propostos, agás os nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe, para os que houbo que fixar outros obxectivos moi distintos e máis sinxelos.

Nos sextos traballouse cos libros *SURPRISE 6 de Oxford*. En canto a valoración do libro de texto e do material complementario dicir o mesmo que con respecto aos cuartos e quintos: que é un material moi atractivo para o alumnado, que se manexan moi ben con el, que está ben estruturado que conta con todo o material de apoio posible...

Tamén a gran maioría dos alumnos/as acadaron os obxectivos propostos a principio de curso, a excepción de varios alumnos/as de orixe estranxeiro que non tiñan coñecementos previos de inglés e que loxicamente non chegaron a acadar os obxectivos de sexto.

En canto á avaliación foi continua e globalizada, tendo en conta o nivel inicial ou de partida de cada un dos alumnos. Fíxose un continuo "feed back" para non esquecer o aprendido e para sentar as bases para novos contidos e estruturas. Avaliouse o traballo de clase e o esforzo e a constancia. Ademais do traballo do Activity Book. En cada unidade fíxose un control con Listening Test, Reading and Writing Test and Speaking Test. Logo de facer o control de cada unidade, realizouse outro cada dúas co fin de incidir nos



contidos dados anteriormente.

O alumnado axuda a corrixir os exames, como forma de afianzamento dos contidos e estruturas, así como de repaso.

Este ano o alumnado de sexto realizou unha saída ao Teatro “Lauro Olmo” para ver unha representación teatral en inglés sobre *Robinson Crusoe* ofrecida pola Compañía *Firewalk Theatre*. Consideramos esta experiencia como un éxito polo que nos gustaría que tivese continuidade cara a outros cursos. Incluso coa posibilidade de que a obra se representase no propio centro.

Temos que dicir que nos sentimos moi satisfeitos de poder gozar dun aula propia para inglés, xa que nos facilita moito o noso traballo e os nenos e nenas teñen un lugar de identificación coa lingua e a cultura inglesa. Contamos con ordenador e toma a internet, con canón de vídeo e con equipo de son. Agora só nos falta un encerado dixital, tendo en conta que o futuro pasa por aí e de que dispomos de contidos dixitais.

Comentar, por último, que no vindeiro curso imos contar co Proxecto Abalar no noso centro, polo que o profesorado de quinto curso terá que facer un esforzo extra de adaptación, estudo e practica para as xa vindeiras aulas dixitalizadas.

Mirian Álvarez Fernández, foi a outra mestra de inglés que impartiu neste ano académico a lingua inglesa no 3º curso de primaria e no primeiro ciclo, agás 2ºC.

Os obxectivos propostos para os alumnos do 2º curso do 2º Ciclo de Primaria acadáronse satisfactoriamente.

As actividades realizadas inclúen tanto actividades para traballar habilidades orais (listening e speaking) como actividades de lecto-escritura para consolidar os coñecementos dos alumnos na lingua. Estas actividades inclúen orais como as xa mencionadas que se utilizan en cursos anteriores e escritas como descrições, invención de feitos, poñer historias en orde, etc.

Aos alumnos que presentaban maiores dificultades esixíuselle menos á hora de realizar as tarefas, dándolle nalgunhas ocasións fichas máis sinxelas que as dos seus compañeiros, xa que hai alumnos que tiñan dificultades na lectura e escritura na propia lingua polo que se tratou de limitar a exposición á lingua escrita ou en todo caso axudarlles á hora de ler.

Procurouse expoñer aos alumnos á linguaxe oral para que se acostumen a falar sobre os temas das unidades tanto cos compañeiros como co mestre, e darlles unha maior fluidez na súa expresión.

O libro de texto utilizado foi Surprise 3.

En canto á organización do espazo, as clases tiveron lugar na aula de Inglés, xa que ao ser maiores considerouse que podían utilizar os medios dos que dispomos na aula con maior aproveitamento (canón, ordenadores, equipo de son, libros e outros materiais).

Hai que destacar que con todo o material audiovisual do que dispomos na aula a proxección de películas e a escoita de cancións ou listenings resulta moi satisfactoria, especialmente grazas ao equipo de son. Ademais, está todo conectado de tal xeito que se pode visualizar un vídeo en poucos minutos sen requirir ter que instalar todo o material cada vez que se necesita.

En canto á avaliación, foi continua e globalizadora, tendo en conta o nivel inicial de cada un dos alumnos ademais dos distintos niveis madurativos. Fíxose un continuo “feed-back” para non esquecer o aprendido e poder ter unha boa base para adquirir novos contidos.

Nesta etapa os instrumentos de avaliación foron basicamente o traballo realizado polos nenos, así como a calidade do mesmo; tamén me baseei en respostas a preguntas tanto



individuais como colectivas. A observación tanto do comportamento como dos coñecementos dos alumnos foi un instrumento esencial nesta etapa. ao final de cada unidade realizáronse test de nivel normal e avanzado que case todos superaron con éxito. Debido á rapidez e eficacia coa que remataban os test, no segundo trimestre pasaron a facer “exames” de maior lonxitude e complexidade que superaron moi satisfactoriamente. En resumo, o 95% dos alumnos do 3º acadaron os obxectivos propostos. Como conclusión, o resultado do traballo foi moi satisfactorio, destacando a rapidez coa que aprenderon os novos contidos e a eficacia na resolución das tarefas.



Proxecto de anticipación da lingua inglesa en ed. infantil

A mestra especialista Mirian Álvarez Fernández foi a encargada de levar adiante este proxecto de anticipación.

Durante o presente curso académico a lingua inglesa impartíuse en Educación Infantil de 3 A e B, 4 A e B, e 5 anos A e B. En cada clase impartíronse dúas sesións cun total de 45 minutos á semana

Os alumnos de 3 anos A son 21 e de 3 anos B son 19. En 4 anos A hai 18 e en 4 anos B 18 alumnos . En 5 anos A hai un total de 17 e en B 18.

Os obxectivos propostos foron acadados satisfactoriamente pola grande maioría dos alumnos de Educación Infantil.

No apartado de actividades destaca a rutina diaria a través do recitado dunha chant (Monday, Tuesday, Wednesday, Thursday, Friday, Saturday, Sunday... I go to school for 5 days, the other 2 are FUN days!); este recitado vai seguido do recitado dos meses do ano e das estacións. A continuación miramos que tempo vai e debuxámolo no encerado (un sol con ollos, nariz, boca, pelo e orellas).

As actividades levadas a cabo polos alumnos incluíron xogos (adiviñar a palabra falsa, de velocidade...), cancións e chants, a través dos que se propiciou a produción da lingua a través de accións físicas (Total Physical Response), así como actividades de repetición ou resposta a preguntas. O CD tamén se utilizou para a escoita de actividades e contos. Os DVDs foron esenciais para o asentamento do vocabulario dun xeito lúdico. As flashcards foron imprescindibles para contar historias ou amosarlles vocabulario aos alumnos. Tamén escoitaron contos populares, realizando actividades sobre eles e traballando o vocabulario. Utilizaron ademais outro tipo de materiais como fichas nas que os alumnos traballaron a motricidade fina (recortar, picar, etc).

O libro de texto utilizado foi Playschool Starter para 3 anos, Playschool A para 4 e Playschool B para 5 respectivamente. Os libros rematáronse a tempo de acabar o curso, traballando todos os seus contidos satisfactoriamente.

Hai que deixar constancia da variedade de materiais dos que se dispuxo para traballar con Infantil, xa que o centro conta con varios DVD con contos e contos adaptados. Tamén hai un xogo. Non viría mal adquirir de cara ao curso que vén novos xogos ou contos en DVD ou en formato libro xa que moitos xa están traballados e así incluíriase unha maior variedade. Tamén sería interesante adquirir CD Roms interactivos para os alumnos de Infantil xa que son moi motivadores, e se debería poder dispor da aula de Informática de cando en vez para que todos os cursos poidan asistir regularmente, xa que actualmente está moi colapsada polas titorías, deixando un espazo nulo para acudir na clase de Inglés. ao principio do curso contouse cun ordenador portátil que se avariou ao pouco tempo e non se puido dispor del. Aínda así, todas as clases de Infantil teñen ordenadores así que non houbo problemas para poder visualizar vídeos.

En canto aos reforzos, en Educación Infantil as principais técnicas de reforzo que se utilizaron consistiron basicamente a esta pronta idade na repetición de contidos, busca doutras formas de explicalos, adaptación das fichas con dificultade e redución do traballo a facer polo alumno.

No referente á metodoloxía, nesta etapa de Infantil a aprendizaxe foi lúdica, basicamente a través de xogos, historias e cancións. Os nenos tiveron un papel activo e protagonista en todas as actividades propostas, permitíndolles experimentar o máximo posible para que aprendan a lingua.



Tívoise ademais en conta que a prioridade era a aprendizaxe da lingua a nivel oral, expoñendo aos alumnos á lingua para que pouco a pouco a vaian producindo. Por tanto, as actividades foron orais e auditivas.

Por outra banda, na clase seguíronse certas rutinas, como os saúdos, escribir a data, cantar unha canción de saúdo, realizar actividades que impliquen a participación dos nenos (un xogo ou ficha) e finalmente cantar a canción de despedida. Tamén se contou con que os nenos non se poden centrar na mesma actividade durante un longo período de tempo, polo que se procurou realizar actividades curtas e variadas. Os xogos case sempre implicaron movemento para que os nenos mantiveran a interese. As instrucións en inglés foron acompañadas de xestos, mímica e demostracións doadas de comprender. Por outra banda, a nivel escrito utilizáronse actividades que reforzaron habilidades de pre-lectura, como lectura de imaxes de esquerda a dereita, recoñecer secuencias, etc. ou de pre-escritura, como actividades de motricidade fina.

En canto á organización do espazo, as clases tiveron lugar na propia aula dos nenos, xa que esta é un entorno coñecido e familiar para os nenos, no que pasan moitas horas.

No apartado da avaliación, destaca unha avaliación continua e globalizadora, tendo en conta o nivel inicial de cada un dos alumnos ademais dos distintos niveis madurativos. Fíxose un continuo “feed-back” para non esquecer o aprendido e poder ter unha boa base para adquirir novos contidos.

Os instrumentos de avaliación foron basicamente o traballo realizado polos nenos, así como a calidade do mesmo; tamén me baseei en respostas a preguntas tanto individuais como colectivas. A observación tanto do comportamento como dos coñecementos dos alumnos foi un instrumento esencial, por tanto, nesta etapa.

En resumo, o 97,5% dos alumnos de 3 anos acadaron os obxectivos propostos, e en 4 anos o 91% conseguen estes obxectivos plantexados. En 5 anos sería un total do 94%.

Conclusión

O resultado do traballo foi satisfactorio, xa que os alumnos evolucionaron positivamente, acadando unha maior comprensión da lingua inglesa co paso do tempo. Cabe destacar que durante o primeiro trimestre tivo lugar o período de adaptación en 3 anos, polo que a súa aprendizaxe foi lenta, pero durante o 2º e 3º trimestre progresaron moito.



Memoria de relixión

Primeiro Ciclo:

Aprender a valorar a natureza. Utilizáronse debuxos, cancións.

Valoración do silencio. Aprender as primeiras oracións.

Cantos de vilancicos en Nadal,

Segundo Ciclo:

Valorar a Biblia como libro fundamental dos cristiáns.

Utilizáronse varias sesións para buscar textos bíblicos., se fixeron concursos entre os nenos para ver quen era o máis rápido.

Destacar que os cristiáns se distinguen por: o amor - servizo – compartir.

Inculcar ao alumno o amor á familia.

Hai alumnos que entorpecen moito a marcha da clase.

Terceiro Ciclo:

Recoñecer templos relixiosos nas cinco grandes relixións.

Valores dos premios Nóbel da Paz: Gandhi, Rigoberta Menchú, Nai Teresa de Calcuta e Luther King.

Valores das parábolas na Biblia: o perdón, a alegría etc..

Os libros de 5º e 6º de primaria serán da editorial EDELVIVES.



Equipo de normalización

Neste curso houbo grandes diferencias con respecto do curso pasado no que atinxe ao ENDL, debidas, sobre todo, a causas externas ás dinámicas do centro.

No primeiro trimestre funcionamos sen orzamentos debido á demora na convocatoria de proxectos por parte da dirección xeral de política lingüística, polo que as actividades limitáronse a aquelas que non precisaban unha achega económica, centrándose, fundamentalmente ao apoio ás actividades desenvolvidas en función doutros proxectos postos en marcha por distintos equipos do colexio.

No segundo e terceiro trimestre o esforzo e o presuposto centrouse na realización dunha actividade proposta pola coordinadora do IES Lauro Olmo, “estendendo a Uxío Novoneyra”, e na que, a máis de nós mesmos, participaron outros centros da comarca. A devandita proposta perseguía o obxectivo do coñecemento da vida e obra do autor mediante actividades de aula, que foran seleccionadas das suscitadas polos distintos centros participantes.

Ao remate destas actividades realizouse unha exposición pública dos traballos do alumnado, actuacións musicais (Magín Blanco), folclóricas, recitais poéticos e representacións teatrais (todas elas realizadas polo alumnado participante dos distintos centros).

Outra das actividades que cabe subliñar é a elaboración dun novo número da revista escolar Trágame Terra onde se recollen traballos de todo o alumnado do centro.

Queremos manifestar que rexeitamos o cambio de denominación que o novo decreto quere impoñer aos nosos equipos.

Consideramos que o proceso normalizador non está rematado, grandes eivas seguen pexando sobre o noso idioma, e só será posible dar conta delas cun proceso de normalización, e non de dinamización, ao través dun traballo continuado, na mesma liña e acompañado dun apoio decidido da administración.

O profesorado, que se ten manifestado reiteradamente en contra do devandito decreto, o equipo de normalización e outros equipos adicados á innovación educativa (biblioteca e axenda 21) vemos con crecente preocupación o devir da política lingüística do noso goberno e a posible aparición de conflitos lingüísticos a raíz deste decreto en lugares onde a convivencia era a norma.



Cómic sobre Uxío Novoneyra realizado polo alumnado de 6ª



Actividades extra-escolares e complementarias

As actividades Extra-escolares e Complementarias son, como o seu nome indica un complemento e unha axuda no proceso de aprendizaxe dos nosos alumnos. Este curso, as actividades nas que participamos foron as seguintes:

Concursos

- Concurso da ONCE sobre a elaboración dunha Portada e Título de 5 relatos.
- Concurso de SOGAMA sobre a reciclaxe de residuos e compromiso medio-ambiental.
- Durante o Segundo Trimestre organizouse no colexio a Olimpíada do Saber onde @s nen@s, por grupos, demostraban os seus coñecementos sobre diversos temas. Unha actividade máis de animación á lectura.



Cartel anunciador da Olimpíada do Saber

Charlas, actuacións e exposicións

- x 8 outubro: UMM, PEIXE! Campaña para fomentar o consumo de peixe entre os nosos escolares (dirixida aos alumnos de 3º de Primaria).
- x 19, 21 e 22 de outubro: Exposición Fauna alada de Galicia, á que asistiron os nenos de 5anos, 4ºA e B e 2º A, B e C.
- x 30 outubro: Charla-Exposición sobre o mel, por parte dun apicultor de Candeda (para 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria).
- x 5 novembro: Teatro "Os soños na gaiola", baseado nesta obra de Manuel María. Organizado pola Edit. Anaya (3º Ciclo de Primaria).
- x 25 novembro: Charla sobre vida saudable, coa intención de dar a coñecer e promover entre os nosos alumnos certos hábitos de vida saudables (1º Ciclo de Primaria).
- x 25 novembro, 2 e 9 de decembro: Hixiene dental, o hábito do cepillado de dentes logo das comidas e outros consellos prácticos relacionados coa saúde bucodental (1º e 5º de Primaria).
- x 3 decembro: Exposición de Setas, no IES. Martaguisela (para os alumnos do 3º Ciclo de Primaria).
- x 15 decembro: Conta-contos, organizado polo Concello para os alumnos de Infantil.
- x 8 febreiro: "Robinson Crusoe", teatro en inglés organizado polo Concello para os alumnos de 6º de Primaria.
- x 11 febreiro: Teatro Gargallada, para 2º e 3º Ciclo de Primaria.
- x 9 marzo: Conta-contos Kalandraka, para 1º de Primaria.
- x 23 e 24 de marzo: Programa de Educación para a Mobilidade. Levado a cabo polo RACC, co obxectivo de formar aos alumnos de 4º e 6º de Primaria en temas



relacionados coa seguridade viaria.

- x 25 marzo: Exposición sobre o Lobo, organizada por Caixanova para os alumnos de 2º e 3º de Primaria.
- x 25 marzo: Visita ao centro do escritor Darío Xohán Cabana onde conversou, en sesión dobre, cos membros do Club de Escritura do 3º Ciclo de Primaria e tamén cos mestres do colexio.
- x 7 abril: Obradoiro da Axenda 21, programa medio-ambiental no que está comprometido o noso colexio. Fíxose para 30 nenos de 1º a 6º de Primaria.
- x 9 abril: Charla do ilustrador Suso Cubeiro, organizado pola editorial Everest, para 40 nenos do 2º Ciclo de Primaria.
- x 9 abril: Actuación de maxia, humor e acrobacias por parte de antigos alumnos do colexio encabezados por Guti. Foi para toda Primaria en dobre sesión.
- x 14 e 15 de abril: Programa de Educación Viaria do Concello. Desenvolvido pola Policía Local para 4º e 6º de Primaria.
- x 26 e 27 de abril: Charlas Plan Director sobre Acoso Escolar, Drogas e Riscos en Internet. Para os alumnos de 5º e 6º de Primaria.
- x 29 abril: Conta-contos organizado pola Editorial S.M. Para os alumnos de Infantil.
- x 30 abril: Mago Christian Magic, organizado pola editorial Everest, para os alumnos do 3º Ciclo de Primaria.
- x 3 maio: Visita dun autor de novela infantil organizado pola editorial Anaya. Para o 3º Ciclo de Primaria.
- x 10, 11, 12 e 13 de maio: Programa de Educación Viaria para Infantil (de 3 e 5 anos).
- x 12, 19 de maio e 9 de xuño: Xornadas de Xogos Populares organizados pola Deputación de Ourense. Para os alumnos de 5º de Primaria.
- x 13 maio: Representación por parte dos alumnos de 3º de Primaria no Teatro Lauro Olmo da obra: "Ilda e os animais".
- x 20 maio: actuación do grupo de monicreques Ris, Ras, Plas para os alumnos de 1º, 2º e 3º de Primaria.
- x 20 maio: Os alumnos de 4º de Primaria puxeron o peche á semana das Letras Galegas cunha actuación de Baile Rexional Galego. Aproveitouse tamén para facer entrega de diversos premios da Olimpíada do Saber. Todo o colexio participou neste acto de exaltación das Nosas Letras.
- x 21 maio: Actuación dos alumnos de 3º de Primaria representando a obra "Ilda e os animais" para os nenos de Infantil, 1º Ciclo e 4º de Primaria.



Encontro de Darío Xohan Cabana co alumnado dos clubs de escritura



- x Excursión de Fin de Curso do 1º ciclo de Primaria (21 de abril): foron a Ponferrada, onde visitaron o castelo, zona antiga e viron unha obra de teatro.
- x Excursión de Fin de Curso do 2º Ciclo de Primaria (5 de maio): a Marcelle Natureza (En Outeiro de Rei, Lugo).
- x Excursión de 5º de Primaria a Ourense (11 de maio): con visitas ao Parque Infantil de Tráfico e visionado dunha película en 3D no cine de Leiro (Ourense).
- x IES. Lauro Olmo (12 de maio): visita dos alumnos de 6º de Primaria para familiarizarse co seu novo centro educativo.
- x Día das Letras Galegas (18 de maio): Fíxose un acto de conmemoración conxunto por parte dos centros educativos públicos do Barco. A homenaxe a Uxío Novoneyra foi no Malecón e consistiu na colocación dun tendal con diversos traballos sobre o autor e uns bailes rexionais protagonizados polos alumnos de 4º de Primaria do noso Centro. O fin de festa foi co baile da canción de Migallas: “En galego”.
- x Visita ao Mosteiro de Xagoaza, Igrexa e Adegas Godeval (18 de maio): foron camiñando os alumnos do 3º Ciclo de Primaria ata esta fermosa paraxe.
- x Visita á Biblioteca Pública (21 de maio): os alumnos de 1º de Primaria fixeron unha saída para coñecer o funcionamento da Biblioteca Municipal do noso Concello.
- x Convivencia Lúdico-Deportiva Xogaconnosco (25 e 26 de maio) con alumnos/as de sexto de primaria de varios colexios da bisbarra de Valdeorras. Realizaron unha camiñada por Xagoaza, O Castro e retorno ao Colexio Condese de Fenosa onde cearon, durmiron e almorzaron para realizar ao día seguinte unha Marcha Cicloturista dende O Barco ata A Rúa.
- x Convivencia de Infantil (27 de maio) con alumnos de Ensino Infantil de varias Bisbarras do oriente Ourense. Este ano organizouse no colexio Julio Gurriarán da nosa localidade.
- x Convivencia da Axenda 21 (27 de maio): reuniu no noso colexio a representantes de varios centros que participan neste interesante proxecto de índole medio-ambiental. A representación do noso colexio correu a cargo de 20 nenos de 5º de Primaria.
- x Radio Escolar (25, 31 de maio, 7 e 14 de xuño): os alumnos de Infantil de 5 anos e 3º de Primaria prepararon un programa de Radio co que fixeron o seu bautismo nas ondas. A Cadea Cope foi a organizadora desta experiencia.
- x Letras Galegas (2 e 3 de xuño): últimos actos realizados por todos os centros educativos públicos do Barco de Valdeorras. Actuou o cantautor Magín Blanco e houbo tamén representación teatral e recitado de poemas de Uxío Novoneyra.
- x Excursión de Portugués (7 de xuño): os alumnos de portugués e os de PROA fixeron unha interesante visita ao país veciño. Concretamente á zona de Braga.
- x Xornada de Xogos Cooperativos (10 de xuño): Organizado polo concello do Barco para os alumnos de 4º de Primaria dos centros públicos da vila. Foi no Pavillón de Calabagueiros.
- x Visita ao Supermercado Eroski (14 de xuño) polos alumnos/as de infantil de tres anos.
- x Festa de Graduación de Infantil de cinco anos (16 de xuño).
- x Festa de Graduación dos alumnos de 6º de Primaria (21 de xuño).
- x Festa de Fin de Curso (19 de xuño) organizada no patio do colexio pola ANPA do centro.



Solidariedade

27 xaneiro: debido á catástrofe humanitaria ocorrida en Haití por mor dun terrible terremoto (150.000 mortos aprox.), decidiuse facer unha colecta no colexio para facerlles chegar unha pequena axuda a través da Cruz Vermella.



Comedor escolar

O persoal encargado da atención e funcionamento do Comedor do C.E.I.,.P. “Condessa de Fenosa” estivo integrado por:

- O **director** do centro, Francisco Pérez Lemos, que supervisou o funcionamento.
- A **encargada de comedor**, Natalia Longo González.
- O **persoal laboral** composto por unha cociñeira e tres axudantes, que se ocupou da elaboración de comidas en base aos menús..
- **Persoal de atención e vixilancia**: integrado por persoas propostas polo director do centro nas condicións e número esixido segundo o número de comensais.
- **Monitores especializados** para levar a cabo as actividades extra escolares ofertadas pola A.N.P.A.
- **Alumnado de 5º e 6º** de primaria, usuario do comedor como axudante, en razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar.

O funcionamento do Comedor escolar seguiu as pautas marcadas no Plan de funcionamento, baseado no **Decreto 10/2007, do 25 de Xaneiro**, polo que se regula o funcionamento dos Comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Servizo de Comedor Escolar funcionou desde o 9 de setembro ata o 22 de xuño.

Este curso no Comedor Escolar comeron un total de trescentos vinte e oito alumnos/as, dos cales cento sesenta e seis son transportados e os demais do Barco. Todas as novas incorporacións foron de alumnos/as de transporte, posto que non se ofertou ningunha vacante para o alumnado do Barco.

Cara ao curso que vén, manterase o mesmo número de comensais, posto que as prazas que quedan vacantes ao marcharen os alumnos/as de 6º, cubriranse practicamente na súa totalidade por alumnado de novo ingreso transportado.

Como poñen de relevo os datos anteriores, o número de usuarios segue a ser moi alto.

Os labores de atención educativa, coidado e vixilancia dos nenos/as de Comedor foron realizadas por dez coidadores.

Ademais, durante o tempo da comida, as dúas auxiliares técnicas educativas axudaron na atención dos nenos/as que están ao seu cargo.

Todo o alumnado comeu nunha única quenda en torno ás 13:30, despois de deixarlle uns minutos para lavar as mans e utilizar o servizo. Unicamente os alumnos/as de 5º e 6º, que axudan a servir as mesas, comían posteriormente ao mesmo tempo que o profesorado.

Despois da comida os nenos/as contaban con tempo libre que ben podían dedicar ao xogo libre ou ben a actividades que se lles ofertan como biblioteca, vídeo e outras actividades extra-escolares xestionadas pola A.N.P.A..

Naqueles días que o tempo non o permitiu os nenos/as fixeron o recreo de comedor dentro do pavillón e do patio cuberto.

Balance dos obxectivos

En termos xerais o balance dos obxectivos é satisfactorio.

Conseguíuse ofertar un menú san e equilibrado, que incluía alimentos de todos os grupos, así como ter en conta factores culturais da nosa comunidade.

A aceptación deste polo alumnado usuario é moi positiva. Os nenos/as están moi concienciados de que deben comer un pouco de todo e non acostuma haber problemas.



Aceptan de mellor grao os novos alimentos, así como peixes e hortalizas. Sen embargo cos nenos/as que comezan novos no comedor hai que “pelexar” moito, pois, en xeral, están pouco habituados a comer froitas, legumes e verduras. Incluso entre os máis pequenos, dánse casos de usuarios que só comen triturado ou seguen tomando biberón, o que dificulta a promoción duns hábitos alimentarios adecuados.

Neste aspecto sería conveniente contar con máis axudas das familias que deben continuar na casa o labor realizado no Comedor Escolar.

Ao longo do curso potenciáronse durante os tres trimestres o traballo de determinadas normas. Fundamentalmente: deixar a mesa ben recollida, utilizar ben os cubertos e lavar as mans previamente á comida. Falar en voz baixa segue a ser un obxectivo non acadado, posto que é o punto onde se seguen a obter peores resultados. Debemos ter en conta que o ser un comedor moi numeroso é a causa fundamental que dificulta a consecución deste obxectivo.

A colocación dos nenos/as e das mesas permite un maior aproveitamento da sala e maior comodidade para que o alumnado que serve chegue con máis facilidade a todos os puntos.

Os alumnos/as de ensino Infantil seguen agrupados de momento no “comedor pequeno” que deberá desaparecer co tempo. O alumnado de primaria sentouse nas distintas mesas. Deste xeito os nenos/as maiores axudaban aos máis pequenos.

Os nenos/as con alerxias a certos alimentos ocuparon o seu posto indistintamente no comedor. Para evitar “despistes” á hora de comer os alimentos aos que lle teñen alerxia o persoal coidador de cada mesa está ao tanto dos mesmos.

En canto ao persoal colaborador, repartíronse as mesas ao seu coidado por sectores, de xeito que cada persoa se fixo cargo dun número determinado de mesas asignado previamente. Esta organización segue a resultar máis eficaz.

Durante o curso realizáronse diversas reunións co fin de lembrar as normas de comedor e atallar aqueles aspectos nos que era conveniente incidir.

Hai que salientar as melloras acadadas no traballo dos obxectivos de promocionar entre os nenos/as hábitos adecuados en torno ao servizo e manipulación hixiénica dos alimentos; promocionar hábitos de saúde bucodental, como é non inxerir lambetadas ao remate da comida; fomentar o coñecemento dos alimentos, das propiedades nutritivas dos mesmos e das conveniencias máis saudables en canto a súa combinación e métodos de cociñado.

Durante este curso o centro seguiu participando no Programa Educativo 5 ao día pertencente á Campaña de Promoción do Consumo de Froitas e Hortalizas Frescas no Mercado Interior. A valoración da participación na mesma é positiva, sobre todo no aspecto de concienciar aos nenos/as da importancia de consumir froitas e verduras. Este ano non se recibiu a revista do programa, polo que non se puido repartir todos os días cinco de cada mes.

De todos os xeitos, aínda queda moito labor por facer para converter nunha realidade o cambio de hábitos que permita aumentar o consumo diario de ao menos 5 racións de froitas e hortalizas frescas, tanto entre os usuarios do comedor como nas súas familias.

Tamén participouse na Campaña “Uhhh...peixe”. Grazas á mesma comeuse un día peixe fresco e o alumnado de 4º tivo unha charla na que se lle ensinaban as bondades do peixe e como debe comerse.

As minutas de comedor seguen a ser as mesmas que cursos pasados con lixeiras modificacións, entre outras cousas de novos alimentos. Non varían moito posto que na realización dos mesmos colaborou un pediatra da zona, iniciativa moi positiva e



beneficiosa para os usuarios do noso comedor escolar.

Durante este curso non se repartiron os menús cada mes, posto que se atopan colgados na páxina web do colexio. Aqueles nenos/as que non tiñan internet puideron obter unha copia do mesmo no colexio. Esta decisión tomouse debido a gran cantidade de menús que observábase non chegaban a casa e quedaban ciscados polo colexio ou metidos nas mochilas dun mes para outro.

Segue quedando pendente a realización dun simulacro de incendio na hora da comida. Este curso realizouse en horario lectivo, pero nos parece interesante que coincida coa hora de comedor. Sería bo contar coa colaboración do Concello neste aspecto.

Un dos obxectivos primordiais do Comedor Escolar deste Centro é proporcionar a toda a Comunidade Educativa un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario das familias. Durante este curso foi posible dar este servizo, con gran satisfacción por parte da comunidade educativa deste centro, pero o certo é que cada vez resulta máis difícil poder atender a totalidade das demandas, posto que estas superan a capacidade do Comedor.

En canto ás instalacións do Comedor e mantemento das mesmas realizáronse algunhas melloras e outras están en marcha cara o seguinte curso:

Melloras realizadas:

Recambio das pezas da vaixela que o necesitaban e do enxoval de cociña.

Desratización e desinsectación do comedor e cociña por parte da empresa contratada polo Concello.

Arranxo da cámara fría.

Arranxo dos lavalouzas.

Recambio dos mosquiteiros do comedor.

Colocación dos protectores da luz en varios puntos

Instalación dunha segunda frixideira.

Melloras pendentes:

Reposto dos manteis deteriorados durante o curso.

Desratización e desinsectación do comedor e cociña por parte da empresa contratada polo Concello a principio de curso.

Repintado da cociña.